

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

*ORDE do 13 de outubro de 2025 pola que se establecen os servizos mínimos dirixidos a garantir os servizos esenciais durante a folga convocada para o día 15 de outubro de 2025.*

O artigo 28.2 da Constitución española recoñece, como dereito fundamental da persoa, o dereito á folga. O exercicio deste dereito queda condicionado ao mantemento dos servizos esenciais definidos no artigo 2 do Decreto 155/1988, do 9 de xuño (DOG núm. 116, do 20 de xuño).

Os sindicatos Comisiones Obreras (CC.OO.) e Unión General de Trabadoras y Trabajadores (UGT) comunicaron unha convocatoria de folga xeral que afectará ás empresas e organismos encargados de prestar servizos públicos, durante dúas horas (das 10.00 ás 12.00 horas na quenda de mañá, das 17.00 ás 19.00 horas na quenda de tarde, e das 2.00 ás 4.00 horas na quenda de noite) do día 15 de outubro de 2025.

O sindicato Confederación Intersindical Galega (CIG) comunicou unha convocatoria de folga xeral que afectará a todas as actividades desempeñadas polas persoas traballadoras de empresas privadas e polas persoas empregadas do sector público, con vínculo funcional, estatutario ou laboral. A CIG comunica que a folga terá lugar durante catro horas, nas seguintes faixas horarias dos días 14 e 15 de outubro de 2025: (das 22.00 horas do 14 de outubro ás 2.00 horas do 15 de outubro, das 10.00 ás 14.00 horas do 15 de outubro e das 18.00 ás 22.00 horas do 15 de outubro).

O sindicato Central Unitaria de Traballadoras (CUT) comunicou unha convocatoria de folga xeral que afectará a todas as persoas traballadoras dos sectores públicos e privados. A CUT comunica que a folga comezará ás 00.00 horas do día 15 de outubro e finalizará ás 23.59 horas do día 15 de outubro. Como excepción ao anterior, aquelas persoas que inicien a súa xornada de traballo antes das 00.00 horas do día 15 de outubro de 2025 e a finalicen antes da fin do mesmo día 15 de outubro, comezarán a folga no horario da súa xornada de traballo. Así mesmo, aquelas persoas que comecen a súa xornada de traballo durante o día 15 de outubro e a finalicen no día 16 de outubro farán a folga na marxe horaria da súa xornada de traballo, iniciando a mesma o día 15 e pondo fin durante o día 16 de outubro de 2025.



O sindicato Confederación General del Trabajo (CGT) comunicou unha convocatoria de folga xeral que afectará a todos os traballadores e traballadoras, ao igual que ás empresas e organismos encargados dos servizos públicos. A CGT comunica que a folga queda convocada para o día 15 de outubro e abarcará desde ás 00.00 horas ata as 24.00 horas do mesmo día. Fai constar que para aqueles centros de traballo no que o mesmo estea organizado mediante un sistema de quendas, a convocatoria de folga comezará na última quenda anterior ás 00.00 horas do dito día en que se realiza a convocatoria de folga, abarcando, igualmente, á última quenda que se inicie no meritado día e que rematará cando finalice a dita quenda, ao día seguinte. A súa vez, durante a xornada do día previo á convocatoria de folga, cesarán no seu traballo os traballadores e traballadoras e funcionarios e funcionarias que presten servizos nos sectores de produción de produtos, bens, servizos e distribución que deban ter efectos inmediatos durante o día 15 de outubro de 2025.

O sindicato Confederación General del Trabajo Galicia (CGT), comunicou unha folga que afectará a todos os traballadores e traballadoras de empresas privadas e polos empregados e empregadas do sector público, con vínculo funcional, estatutario ou laboral. O sindicato Confederación General del Trabajo Galicia (CGT), comunica que a folga convocada terá lugar o día 15 de outubro de 2025, comezando ás 00.00 horas e rematando ás 24.00 horas, cos matices que se indican a continuación: Nas empresas, administracións e organismos que teñan varias quendas de traballo, o comezo da folga efectuarase na primeira quenda, aínda que comece antes das 00.00 horas do día 15 de outubro, e a súa finalización terá lugar unha vez rematada a última quenda, aínda que se prolongue despois das 24.00 horas do día 15 de outubro. Así mesmo, naquelas empresas que teñan unha única quenda de traballo que comece antes das 00.00 horas do día 15 de outubro, o paro iniciarase á hora de comezo da actividade laboral e finalizará o día 15 de outubro na hora en que conclúa a quenda. Durante a xornada do 14 de outubro, cesarán na súa actividade os traballadores e traballadoras de empresas privadas e os empregados e empregadas do sector público que presten servizos profesionais relacionados coa elaboración de produtos, servizos e abastecementos que haberán de ter efectos inmediatos ao día seguinte. Nestes supostos, a folga desenvolverase nos termos das convocatorias que se realicen para tales efectos. Para garantir a cobertura informativa, nas empresas do sector do xornalismo e medios de comunicación a folga terá lugar no período comprendido entre as 7.00 horas do día 14 de outubro de 2025 e as 24.00 horas do día 15 de outubro de 2025, correspondendo aos traballadores e traballadoras de cada centro de traballo a determinación do horario de folga dentro do período de referencia.

O sindicato Confederación Intersindical, comunica a convocatoria de folga que terá unha duración dun día completo, comezando o 15 de outubro de 2025 ás 00.00 horas e rematan-



do ás 24.00 horas do mesmo día. Afectará á totalidade das traballadoras e traballadores, así como a todos os centros de traballo, que cesarán a súa actividade laboral durante toda a xornada.

Os sindicatos, sindicato de Comisiones de Base, Sindicato Único de Trabaxadores Solidaridad Obrera e Sindicato Alternativa Sindical de Clase comunicaron unha folga para todas as persoas traballadoras, afectando a todas as empresas privadas e Administracións públicas. Os tres sindicatos comunican que a folga se inicia o 15 de outubro ás 00.00 horas e a súa duración prevista é de 24 horas, e dicir, finalizará ás 23.59 horas do 15 de outubro de 2025. Fan constar que para aqueles centros de traballo que estean organizados mediante o sistema de quendas, a convocatoria de folga comezará na última quenda anterior ás 00.00 horas do dito día no que se realiza a convocatoria de folga, abarcando igualmente á última quenda que se inicie no meritado día e que rematará cando finalice dita quenda, ao día seguinte.

O Sindicato de Traballadores e Traballadoras do Ensino de Galiza (STEG) comunicou unha convocatoria de folga xeral educativa para o día 15 de outubro completo, das 00.00 ás 24.00 do mesmo día.

A necesaria conciliación entre o exercicio do dereito constitucional de folga e o mantemento dos servizos esenciais obriga a esta Administración autonómica galega, de acordo coa normativa vixente, a fixar uns servizos mínimos indispensables para o funcionamento dos servizos esenciais, que se concretan nesta orde.

Deste xeito, establécense servizos mínimos respecto dos sectores e actividades cuxa regulación é competencia dalgunha das consellerías da Xunta de Galicia e que poden afectar o desenvolvemento ordinario da actividade cidadá, no sentido do artigo 2 do Decreto 155/1988, do 9 de xuño, é dicir, sanidade, seguridade, protección civil, transportes e comunicacións, medios de comunicación social, rexistros públicos, edificios, bens e instalacións públicas, asistencia social e educación, servizos de vixilancia e extinción de incendios e bombeiros.

Os criterios determinantes para a fixación dos servizos mínimos establecidos na presente orde tiveron en conta os distintos pronunciamentos do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en relación cos servizos esenciais fixados nas xornadas das anteriores folgas do 8 de xuño de 2010, do 29 de setembro de 2010, do 27 de xaneiro de 2011, do 29 de marzo de 2012, do 14 de novembro de 2012 e do 8 de marzo de 2018, así como a Sentenza núm. 415/2019, do 25 de setembro.



Aínda que é certo que o devandito tribunal ditou sentenzas que anulaban as normas polas que se establecían os referidos servizos mínimos, non é menos certo que esas sentenzas viñeron motivadas fundamentalmente polo déficit de expresión da ponderación dos factores e criterios tidos en conta para a súa fixación e consideraron insuficiente a motivación na determinación das prestacións mínimas garantidas.

Por todo isto, no caso concreto e tendo en conta os pronunciamentos anteriores, preténdese dar a coñecer máis xustificadamente, se cabe, os criterios en virtude dos cales se procedeu a identificar os servizos mínimos como esenciais e a determinar os efectivos necesarios para aseguralos á luz da presente convocatoria de folga. Todo isto observando a necesaria proporción entre o sacrificio para o dereito das persoas traballadoras e os bens e intereses que se teñen que salvagardar.

Tense en conta, igualmente, o feito de que a folga se desenvolverá unicamente durante un período dun día, coas matizacións correspondentes ás quendas de traballo que comencen antes das 00.00 horas e rematen despois das 24.00 horas.

- No ámbito da Presidencia da Xunta de Galicia, cómpre fixar os servizos mínimos no Centro Superior de Hostalaría de Galicia (CSHG), que, integrado como área na Dirección de Profesionalización da Axencia de Turismo de Galicia, é un centro de ensinanza superior adscrito á Universidade de Santiago de Compostela que forma directivos hostaleiros e xestores en cociña, e no que se imparte o grao en Xestión de Empresas Hostaleiras.

O CSHG ofrécelle residencia ao seu alumnado e conta, neste curso 2025/26, cun total de 290 alumnos, dos cales 150 residen no centro.

Os centros residenciais docentes teñen como característica propia a presenza do alumnado fóra do horario lectivo para realizar actos da vida cotiá, como estudar, durmir ou comer. Nestes centros debe quedar garantida, xa que logo, a atención mínima do persoal de conserxaría e de restauración para atender as instalacións e o alumnado. O servizo de conserxaría está externalizado, a través do correspondente contrato de servizos. A proposta que se formula respecta o criterio de fixar como servizos mínimos os que normalmente prestan con ocasión dun domingo ou día festivo.

Por outro lado, en relación coa Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, S.A., a fixación dos servizos mínimos adoptados na Corporación SAG xustifícase en razón das seguintes circunstancias:

1. O carácter esencial que revisten os servizos de comunicación audiovisual, non só pola determinación expresa do lexislador (Lei 1/2025, do 14 de marzo), senón tamén pola



súa incidencia no exercicio dos dereitos fundamentais a comunicar e recibir información veraz por calquera medio de difusión (artigo 20.1.d) da CE), e en aplicación da Lei 13/2022, do 7 de xullo, xeral da comunicación audiovisual, que reserva por norma o carácter de servizo esencial para o servizo público de comunicación audiovisual. A condición de servizo esencial resérvase na actualidade para o servizo público de comunicación audiovisual (Lei 13/2022), isto é, para aqueles servizos de comunicación audiovisual que son de titularidade pública. En plena concordancia co indicado, a Lei 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, establece que o servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia é un servizo esencial para a comunidade.

Concorren, por tanto, no presente caso os presupostos normativos establecidos no artigo 10 do Real decreto lei 17/1977 para aquelas folgas convocadas en empresas encargadas de prestar calquera xénero de servizos públicos ou de recoñecida e inaprazable necesidade. O feito en que poden imporse medidas limitadoras componse de dous elementos: un, a cualificación do servizo («servizos públicos ou de recoñecida e inaprazable necesidade») e outro, de carácter circunstancial («e concorran circunstancias de especial gravidade»). Non abonda así coa cualificación do servizo para xustificar as medidas limitativas, senón que estas, de ser o caso, deben axustarse ás circunstancias, que deben ser non só graves senón de especial gravidade, como a urxencia de non asegurar a emisión e a comunicación informativa relevante cando é o único medio audiovisual de titularidade pública de Galicia.

2. A necesidade de precisar, segundo un criterio o máis estrito posible, aqueles aspectos cuxo mantemento debe considerarse indispensable, coa finalidade de asegurar a satisfacción do interese público afectado e aquel outros aspectos que poden quedar suspendidos temporalmente como consecuencia da folga, sen mingua do interese xeral da comunidade. De modo que a consideración dun servizo como esencial non pode supoñer a supresión do dereito de folga do persoal que tivera que prestalo, senón a necesidade de dispoñer das medidas precisas para o seu mantemento ou, dito doutra forma, para asegurar a prestación dos traballos que sexan necesarios para a cobertura mínima dos dereitos, liberdades ou bens que satisfai o dito servizo, sen que esixa alcanzar o nivel de rendemento habitual nin asegurar o seu funcionamento normal.

A determinación dos servizos mínimos debe obedecer a un criterio de proporcionalidade, elixindo só o mínimo esencial para asegurar a emisión das canles de comunicación



e a retransmisión da información de carácter esencial. Esta proporcionalidade ponse de manifesto coa propia cuantificación destes efectivos mínimos, pois o persoal con horario habitual de traballo un día comparable de programación ordinaria está integrado por uns 679 efectivos e o persoal que atende as tarefas cualificadas como servizos mínimos só alcanza os 149.

De acordo cos anteriores fundamentos, xúlgase necesario:

I. Garantir a produción e emisión dos programas informativos que son considerados imprescindibles para o mantemento dos servizos públicos esenciais de información á comunidade. A programación informativa que sexa establecida co dito carácter de servizo esencial esixirá que queden debidamente expresadas ou identificadas as seguintes circunstancias ou datos, de xeito que demostren nesa programación informativa o cumprimento destas dúas esixencias que seguen.

Primeira. Por un lado, a súa necesidade para garantir, no mínimo que resulta esixible, os dereitos fundamentais de liberdade de expresión e de información do artigo 20 da Constitución; neste sentido, os efectivos que se presentan nesta resolución fan referencia aos mínimos indispensables para asegurar a emisión, produción e continuidade dos espazos considerados de contido informativo esencial. En servizos mínimos encóntranse os efectivos precisos para a emisión das noticias esenciais, de relevancia ou que precisen inmediatez e con valor informativo. O número de efectivos determínase para unha duración inferior á habitual destes espazos informativos, polo que, no caso de asistencia á folga da totalidade do cadro de persoal, se garante esta duración reducida como información esencial.

En concreto, na programación actual dos medios de comunicación que conforman a Corporación, considéranse imprescindibles para manter os servizos públicos esenciais de información á comunidade os seguintes programas informativos:

- Na Televisión de Galicia:

- *Bos días*, espazo informativo matinal diario. Trátase dun espazo que é o primeiro avance do día de noticias á cidadanía galega.

- *Galicia Noticias*, informativo de proximidade comarcal e local que ten unha importancia estrutural con atención informativa diferenciada e que é a referencia no ámbito comarcal.



– *Telexornal 1*, espazo informativo de referencia en Galicia no que atinxe á actualidade galega, española e mundial.

– *Telexornal 2*, espazo informativo de actualidade que actualiza e repasa a información da xornada.

• Na Radio Galega:

– *Galicia por diante*, espazo matinal radiofónico en que se tratan contidos informativos e de actualidade.

– *A Crónica 14 h..*, espazo informativo do mediodía.

– *A Crónica 20 h..*, espazo informativo de noite.

– Os boletíns horarios, que se concretan en pequenos espazos duns 4 minutos, que ao longo do día actualizan a información máis relevante da xornada.

A convocatoria de servizos mínimos permite elaborar estes espazos informativos na TVG e na Radio Galega. A súa duración será determinada polo seguimento da folga por parte do persoal.

• Na canle G2: a redifusión, como é habitual, dos espazos informativos mínimos da primeira canle con posterioridade á súa emisión, para a que só se necesita fixar servizos mínimos para asegurar esta.

• Nas canles dixitais: dispórase dun mínimo para actualizar a información de carácter esencial na xornada, xa que actualmente é o modo de acceso á información preferido de parte importante da poboación.

• Os programas non informativos, directos ou gravados, non se dotan de servizos mínimos, como tampouco están en servizos mínimos as informacións de deportes ou do tempo. Aínda que a información meteorolóxica podería adquirir a consideración de servizo esencial á comunidade en caso de que na xornada de folga se torne nunha información relevante en función das circunstancias climáticas. Cando non sexa posible a emisión dun espazo polo seguimento da folga, emitírase en redifusión un programa xa emitido con anterioridade.



Segunda. Por outro lado, a súa proporcionalidade. É dicir, a actividade informativa mantida como servizo mínimo comporta unha diminución, non só da total actividade televisiva, radiofónica ou dixital de calquera clase de contido que se desenvolva en circunstancias de normalidade, senón tamén da actividade audiovisual realizada nesas mesmas circunstancias de normalidade. A afectación da folga será máis ou menos visible en función do seguimento por parte do persoal.

Con estas dúas consideracións, no caso de seguimento maioritario da folga, a redución dos programas informativos mencionados e a supresión doutros de carácter eminentemente informativo e de actualidade durante a xornada do día 15 de outubro de 2025 producirá unha diminución da actividade informativa habitual, que proporcionará unha visibilidade notable do seguimento da folga e producirá unha variación total da programación habitual diaria no caso de alto seguimento.

Como norma xeral, en canto ao número concreto de efectivos en cada unha das unidades orgánicas que conforman a Corporación, convócase en servizos mínimos un efectivo por categoría profesional para executar as tarefas que fan posible a emisión, o soporte e a creación informativa por cada quenda de traballo (mañá, tarde e noite). De forma excepcional, en determinadas categorías profesionais pode ser necesaria a convocatoria de máis dun profesional para garantir a cobertura informativa esencial e técnica, tendo en conta a súa relevancia para os servizos informativos ou para as tarefas específicas que se van desenvolver, que deben ser as habituais sen vulnerar o dereito á folga doutras persoas traballadoras. As excepcións son:

1. Informadores/as da TVG en San Marcos: inclúe persoal das categorías profesionais de redactores/as, locutores/as de TVG e RG e auxiliares de redacción necesarios para sacar adiante a información de carácter esencial da xornada nas quendas de mañá, tarde e noite do 15 de outubro. En concreto:

a) *Bos días*: o programa informativo da mañá na súa franxa informativa, precisa en servizos mínimos o traballo dunha persoa informadora e da persoa que presenta habitualmente, para actualizar as noticias do primeiro espazo informativo de referencia no día na TVG.

b) *Galicia Noticias*: a comunicación de proximidade e, en concreto, a que emprega a comarca como unidade de referencia, ten unha importancia estrutural en Galicia. Trátase dun telexornal líder na súa franxa na Comunidade Autónoma. Por ser o único en Galicia que transmite esta información fronte ao ámbito máis xeneralista dos outros formatos, *Galicia Noticias* ten un interese real e expreso en apartarse do partidismo e propiciar a participa-



ción cidadá, centrándose no ámbito social e informativo da comunidade. Neste senso, son precisas tres persoas informadoras de quenda de mañá para poder realizar esta aproximación á información local da comunidade galega. A persoa encargada da presentación deste espazo non está en mínimos.

c) *Telexornal 1*: o espazo de referencia informativa en Galicia para desenvolver a información esencial de carácter prioritario para a comunidade precisa da persoa encargada da presentación habitual, catro persoas informadoras na redacción e unha en exteriores para as coberturas que se fagan precisas ao longo da mañá.

d) *Telexornal 2*: a actualización informativa de última hora precisa un equipo mínimo de catro persoas informadoras en redacción e unha en exteriores da quenda de tarde, ademais da persoa presentadora.

Ademais, o persoal informador vai acompañado para as coberturas por reporteiros/as gráficos/as que toman a imaxe e o son, co fin de elaborar as pezas informativas para alimentar estes programas. Para cubrir estas informacións, traballando en conxunto co persoal informador, son precisos sete reporteiros/as gráficos/as (6 de mañá e 1 de tarde) no centro de traballo de San Marcos.

A parte de documentación e arquivo resulta imprescindible para poder ilustrar a información esencial que poida cubrirse na xornada de folga. O persoal convocado ten que cubrir o horario de atención e produción dos informativos para garantir as validacións e peticións do persoal de redacción sobre o sistema de xestión do arquivo (tedial). Considérase preciso convocar dúas persoas documentalistas na quenda de mañá e unha na quenda de tarde para cubrir a franxa horaria de produción e emisión dos espazos informativos mencionados.

2. Persoal informador da Radio Galega en San Marcos: categorías de redactores/as, locutores/as de radio ou auxiliares de redacción precisos para sacar adiante os programas informativos de carácter esencial da mañá, o mediodía e a noite do día 15 de outubro son:

a) *Galicia por diante*: é preciso convocar a dúas persoas informadoras de madrugada por ser as persoas que poñen en marcha o servizo mínimo informativo neste formato e que garantan os boletíns horarios e a posta en marcha dos informativos.

b) *A Crónica 14 h..*: é o programa informativo do mediodía na Radio Galega, que precisa para a súa emisión convocar a tres persoas informadoras para elaborar as noticias e que garantan os boletíns horarios e a posta en antena do informativo.



c) *A Crónica 20 h.*: é o programa informativo da tarde na Radio Galega, que precisa para a súa emisión convocar a dúas persoas informadoras para elaborar a información e que garantan os boletíns horarios e a posta en antena do informativo.

3. Persoal informador nos centros de A Coruña, Lugo, Ourense e Vigo: convócase en servizos mínimos a dúas persoas informadoras para a quenda de mañá e outra de tarde, para garantir a cobertura básica informativa de cada unha das áreas xeográficas e da cobertura multimedia da Corporación. Para cubrir estas informacións, traballando en conxunto co persoal informador, precísase dun repoteiro/a gráfico/a por quenda (mañá e tarde) en cada centro de traballo (A Coruña, Vigo, Ourense e Lugo). Na delegación de Madrid convócase a unha persoa informadora na quenda de mañá.

4. Na TVG resulta necesario convocar en servizos mínimos con carácter xeral un efectivo de cada unha das categorías profesionais de ámbito técnico por cada unha das quendas, a excepción do que se explica a continuación. Nesta convocatoria de servizos mínimos, os medios técnicos necesarios para asegurar a emisión dos informativos vense reducidos, de forma que se prescinde de certos profesionais que achegan calidade e profesionalidade ao formato, tendo en conta que se prevé que os formatos sexan máis sinxelos e básicos.

A execución dos servizos informativos mínimos establecidos require dispoñer dun plató con medios técnicos e un efectivo por categoría profesional e quenda para asegurar a produción, fondos e rótulos das noticias, a realización e demais parte técnica de produción informativa. Os casos concretos de colectivos que esixen convocar máis dun efectivo e as razóns que o motivan son:

A área de deseño e grafismo esixe dispoñer do persoal necesario para o cumprimento das directrices legais en día de folga e non modificar as funcións habituais de cada persoa traballadora. No servizo de grafismo existen ademais dúas localizacións: a denominada «librería», onde se executa a inxesta de gráficos, e o control, que lanza os gráficos nos directos. Sen estas figuras traballando simultaneamente en localizacións separadas e con diferentes tarefas non sería posible lanzar titulares ou rótulos durante os programas informativos. Por tanto, precísase convocar cinco efectivos de deseño gráfico e grafismo entre as quendas para poder asumir estas funcións esenciais.

A área de produción necesita ter persoal convocado en servizos mínimos para realizar os labores de produción esenciais para a emisión dos programas informativos como vías, sinais, permisos, descargas, escaleta de produción, etc. En concreto, os tres efectivos da quenda de mañá dedícanse a coordinar, respectivamente, o informativo do programa *Bos*



días, as saídas dos reporteiros/as gráficos/as e o informativo *Telexornal 1*. A persoa convocada na quenda de tarde coordina o *Telexornal 2*.

O mesmo ocorre co colectivo do persoal de realización e axudantes de realización; na mañá é preciso o persoal de realización habitual do *Bos Días*, o *Galicia Noticias* e o *Telexornal 1*, e na tarde o do *Telexornal 2*. Ademais, o persoal da categoría de axudantes de realización que corresponda, asume as súas funcións habituais, cada un no programa ao que está asignado. Cada programa ten efectivos de axudantes de realización para as tarefas de rexedor, mesturador, axudante do realizador, operador da pantalla de *watch-out* e outro axudante para facer de nexo entre os programas informativos que se realizan no plató da pantalla e o control.

O persoal da categoría de operadores/as montadores/as de vídeo especializouse tras o proceso de dixitalización da TVG. Os de PAM son os que atenden especificamente os sinais e directos que se gravan para os informativos, e é habitual que entren ata 7-8 sinais en simultáneo, polo que son precisos dous efectivos de PAM por quenda para o control e envío. Os de MAM traballan co departamento de documentación preparando o material que lles solicita informativos e facendo a inxesta de materiais externos. Son precisos dous efectivos na quenda da mañá para poder atender as pezas dos informativos e un na da tarde. Os efectivos de media son os xestores do sistema de produción de entradas e envío a controis das pezas dos informativos e son necesarios dous efectivos por quenda para poder manter os fluxos de produción. Ademais, precísase un efectivo da categoría de operador/a de posprodución por quenda e un da de operador/a montador/a de vídeo en cada un dos centros de traballo para a correcta edición das pezas informativas.

II. Asegurar a continuidade das emisións radiofónicas e televisivas, co obxecto de que por razóns de máxima urxencia e necesidade deba cubrirse algún acontecemento de actualidade que, pola súa premura, obrigue á súa cobertura coa maior axilidade posible. Tal garantía esixe fixar servizos mínimos na parte técnica de emisións e continuidade, co obxecto de poder cubrir unha eventual incidencia de calquera ámbito. Neste sentido, o soporte e mantemento das emisións inclúe efectivos dos departamentos de:

– Continuidade: nesta área crítica para a retransmisión televisiva establécense dous efectivos de continuidade de xeito permanente necesarios para poder axustar as redifusións e programas da TVG, tanto os previstos como as variacións que se teñan que facer durante o día por posibles efectos do seguimento da folga, incluídas as da canle G2. Debido aos horarios asignados ao persoal é preciso convocar sete efectivos para facer esta cobertura con dous operadores/as de continuidade e non deixar horarios desprovistos.



– Emisións: é preciso un mínimo de tres efectivos durante a xornada, xa que cada un deles ten asignado o control da emisión de cada unha das canles en que se retransmite o contido informativo esencial, como responsables da elaboración do minutado, a segmentación e a comprobación técnica da grella para emitir sen incidencia.

– Soporte tecnolóxico de medios, tanto na TVG como na Radio Galega, para a continuidade da emisión: a TVG require dispoñer dun efectivo por categoría profesional e quenda para asegurar a gravación, a iluminación, o son e demais parte técnica necesaria para a emisión continuada.

Na Radio Galega, a parte técnica dos informativos realízase a categoría profesional dos técnicos/as de control, e é imprescindible dispoñer dun efectivo por quenda de Control Central, que garanta a emisión e a correcta xestión dos sinais, é dicir, polo menos 3 efectivos que asuman as tarefas do control central. Ademais, dous efectivos durante a madrugada, dous de estudo durante a mañá (franja con maior carga de sinais externos) que garantan a realización dos informativos en servizos mínimos e boletíns horarios sen modificar as tarefas habituais de cada persoa traballadora, e un en función de estudo durante a tarde (franja con menor carga de sinais externos), que garanta a realización dos informativos e boletíns horarios en servizos mínimos.

Por tanto, nos días de semana precísase convocar 8 efectivos da categoría profesional técnico/a de control para ter cubertas estas tarefas durante as 24 horas de folga.

– Operacións, emisións e mantemento técnico: na parte do control central, o núcleo onde se fai o control dos sinais, é preciso ter un efectivo da categoría técnico/a electrónico/a por quenda para cubrir as franxas de emisión dos programas informativos de información esencial. Na área de explotación, en que se realizan operacións técnicas, é imprescindible a presenza de dous efectivos por quenda, xa que é un servizo que ten que estar cuberto 24 horas para a emisión e o persoal desta categoría ten que atender dúas salas de traballo diferentes para manter as máquinas en uso e poder dar soporte ás consolas de mestura nos controis e aos dispositivos electrónicos (a de operacións técnicas e a sala RAC).

Existen ademais outras áreas de servizos xerais que son precisas de cara a dar soporte en caso de incidencias a cada un dos departamentos:

– Servizo de sistemas: onde é fundamental dar un soporte informático ao persoal. Despois do proceso de dixitalización acontecido na TVG, todos os fluxos de traballo e ferramentas mudaron para adaptar o traballo ao novo sistema. Este traballo de dar soporte



é clave neste momento, xa que a plataforma de dixitalización aínda se está a estabilizar nalgunhas das súas funcións e melloras, e é preciso un servizo de apoio aos profesionais ante calquera incidencia técnica que lles impida realizar as súas tarefas.

– O Grupo Soporte é unha unidade dependente do servizo de sistemas que dá soporte tecnolóxico á plataforma dixital da TVG e que resolve as incidencias que poden afectar a correcta emisión televisiva. É unha unidade de soporte crítica que resolve as incidencias da redacción de informativos. Pola mañá, que é a quenda de maior produción informativa, son precisos dous efectivos de cara a poder garantir a resolución en tempo das casuísticas técnicas habituais da plataforma dixital na CSAG, e un efectivo o resto das quendas.

– Instalacións e almacéns: necesítase dispoñer dunha persoa almacenista por quenda para poder abrir os almacéns de cámaras e material técnico para poder subministrar os equipamentos precisos para desenvolver o seu traballo ao resto de profesionais en servizos mínimos.

– Mantemento: o persoal deste departamento, entre outras tarefas, atende incidencias relacionadas coa electricidade, xa que o mantemento da instalación eléctrica de alta e baixa tensión da CSAG é imprescindible para garantir a emisión en caso de incidencia en cada unha das quendas (mañá, tarde e noite).

III. A consideración da extensión xeográfica e temporal da convocatoria de folga afecta a xestión dos servizos públicos esenciais de comunicación audiovisual de Galicia.

Na adopción de tales medidas que garantan o mantemento dos servizos débese ponderar a extensión territorial e persoal, a duración prevista e as demais circunstancias conconrentes na folga, así como as concretas necesidades do servizo e a natureza dos dereitos ou bens constitucionalmente protexidos sobre os que aquela repercute.

A CSAG é o único medio de comunicación audiovisual de carácter público con cobertura autonómica, polo tanto, o único medio coa obriga e posibilidade de asegurar este servizo informativo esencial.

A duración temporal da convocatoria da folga afecta a todo o persoal en todas as quendas, o que obriga a convocar en servizos mínimos persoal de diferentes quendas (mañá, tarde, noite) para cubrir unha mesma tarefa ou cobertura técnica. A convocatoria en servizos mínimos efectúase de xeito que non supoña cambio de horario, de funcións, tarefas habituais e outras circunstancias do persoal. Podería darse a circunstancia de que, por



cuestións organizativas ou por ausencias xustificadas do persoal, o persoal asignado en servizos mínimos non coincida exactamente coa categoría profesional asignada ou substitúa a función esencial descrita dunha ausencia xustificada.

- No ámbito da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, cómpre a fixación de servizos mínimos no funcionamento das oficinas de atención á cidadanía e de rexistro, tanto nos servizos centrais como nos servizos periféricos, para garantir as actuacións da cidadanía, cuxo incumprimento pode supor a perda ou prexuízo dos seus dereitos. Considérase, así mesmo, esencial o mantemento dos edificios administrativos co obxecto de garantir o correcto funcionamento das súas instalacións nas posibles situacións de emerxencia que puidesen acontecer.

O Servizo de Atención e Información á Cidadanía na Xunta de Galicia (teléfono 012) facilita información e asesoramento sobre distintas materias, considerándose tradicionalmente esenciais para os efectos de fixación de servizos mínimos o teléfono de información ás mulleres, a liña de axuda á infancia e o teléfono do servizo do centro de coordinación, control loxístico e de teleoperación que dá soporte á xestión operativa do Servizo Galego de Apoio á mobilidade persoal (065).

Para a determinación dos servizos mínimos do centro directivo con competencias en materia de mobilidade (Dirección Xeral de Mobilidade) tómase en consideración o teléfono 065. Mediante o servizo do transporte adaptado 065 facilitáanse os desprazamentos programados, con carácter non regular, para atender a prestación de servizos puntuais (modelo de xestión de servizos baixo demanda).

Deste xeito, é un servizo que se utiliza para acudir a citas médicas, realizar xestións bancarias ou notariais, etc. Polo exposto, é necesario establecer servizos mínimos co fin de evitar importantes prexuízos ás persoas usuarias do mesmo, tendo en conta que para a realización das devanditas actividades non poden utilizar o sistema público de transporte colectivo.

Para determinar os servizos mínimos, tómase en consideración o centro directivo con competencias en materia de violencia de xénero (Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero) integrado na estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, dado que desde o teléfono de información ás mulleres (900 40 02 73) dáse resposta ás solicitudes de derivación á Rede galega de acollemento para vítimas de violencia de xénero, así como á quenda de garda psicolóxica para vítimas de violencia de xénero, considérase adecuado establecer un servizo mínimo para que esta atención quede cuberta



durante todo o período de folga. Este teléfono 900, que atende as 24 horas situacións de urxencia vitais, é o único que non deixa rastro de chamada.

Para a determinación dos servizos mínimos do centro directivo con competencias en materia de infancia (Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica) integrado na estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade tómase en consideración o teléfono da infancia. Trátase dun teléfono que atende as 24 horas ás comunicacións de posibles situacións de risco ou desamparo, polo que é un servizo esencial que transmite as situacións de urxencia e que require unha cobertura total as 24 horas os 7 días da semana.

Para a determinación dos servizos mínimos, e no ámbito da Consellería de Política Social e Igualdade., tómase en consideración para a Liña Social o feito de tratarse dun servizo que atende as 24 horas e cuxas prestacións básicas son a atención personalizada, a información e a orientación sobre recursos sociais, e as intervencións en casos de risco de abandono ou de malos tratos con derivación e canalización, se é o caso, aos servizos sociais correspondentes e que require unha cobertura total as 24 horas os 7 días da semana.

Para a determinación dos servizos mínimos, e no ámbito da Consellería de Política Social e Igualdade, tómase en consideración para o servizo telefónico 900 10 23 38 (Teléfono Arco da Vella) o feito de tratarse dun servizo que atende as 24 horas e cuxas prestacións básicas son a información e atención integral en materia LGTBI fobia. Así mesmo, coordínase co servizo 028 de ámbito nacional, que deriva ao Teléfono Arco Iris as chamadas realizadas desde o ámbito xeográfico de Galicia, que presta os servizos de asesoramento emocional e psicolóxico, itinerarios individualizados de atención social, orientación laboral e educativa, información sobre servizos e recursos dispoñibles ou información e asesoramento en temas de saúde.

En consecuencia, os servizos mínimos resultan totalmente imprescindibles para manter a adecuada cobertura do servizo esencial descrito, para efectos de evitar que se produzan graves prexuízos á cidadanía, que baixo ningún concepto pode quedar desasistida, dadas as características da prestación e a imposibilidade de desenvolve-la agora con recursos públicos propios.

No ámbito da Secretaría Xeral para o Deporte, o Centro Galego de Tecnificación Deportiva ten ao seu cargo diariamente 90 deportistas residentes menores de idade e 12 deportistas residentes maiores de 18 anos, baixo a responsabilidade directa da Xunta de Galicia, e entre as súas obrigas con eles/elas está darlles o almorzo, o xantar, a cea e o coidado



durante a súa pernoita. Xunto a estes/as deportistas, tamén comen no CGTD 59 deportistas externos, e 27 adestradores/as. Ademáis o CGTD, dálle servizo a 18 clubs e 1.450 deportistas da zona, que dadas as circunstancias actuais, somos das poucas instalacións deportivas que podemos dar servizo aos deportes autorizados.

A atención indispensable que é debida a estes/estas residentes menores de idade xustifica plenamente os servizos mínimos necesarios un mércores, lectivo a tódolos efectos, para o mantemento das instalacións operativas e accesibles aos/ás menores residentes, ao ser tres edificios diferenciados e distanciados entre eles, cunha superficie de 30.000 metros cadrados. Así mesmo no almorzo, xantar, e cea, e polo volume de usuarios do servizo, repártese o servizo en dúas quendas de acceso, polo que o persoal responsable ten que dispensar a alimentación a cada un dos usuarios.

Á vista dos horarios de folga o vindeiro 15 de outubro, tívose en conta para o establecemento dos servizos mínimos indispensables a circunstancia de que a actividade desenvolvida os mércores é moi elevada. Os mércores a actividade comeza ás 7.30 horas e remata ás 22.00 horas co peche das instalacións deportivas, quedando a esa hora só a actividade na residencia de deportistas, polo que é precisa a supervisión destes e que se verifique que se atopen ben e o cumprimento dos períodos de descanso, así como a supervisión dos residentes maiores de idade. En consecuencia, polo que se refire á xornada de noite, establécense os servizos mínimos imprescindibles para o desenvolvemento desta actividade de supervisión.

No ámbito da Administración de Xustiza, a necesaria conciliación entre o exercicio do dereito constitucional de folga e o mantemento dos servizos esenciais obriga a esta Administración autonómica galega, de acordo coa normativa vixente, a fixar uns servizos mínimos indispensables para o funcionamento esencial prestado pola Administración de xustiza en Galicia que permitan compaxinar o dereito á folga dos traballadores co mantemento dos servizos esenciais necesarios para garantir o servizo público.

Neste sentido, e de conformidade coa doutrina do Tribunal Constitucional e mais coa xurisprudencia ditada na materia, e en particular coa Sentenza 463/2018, do 7 de novembro, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, considéranse servizos esenciais necesarios para garantir o servizo público:

1. Servizos de garda de xulgados, fiscalías e Instituto de Medicina Legal.
2. Xuízos orais na orde penal de causas con preso.



3. Medidas precautorias ou provisionais en materia de familia, de violencia sobre a muller e de liberdade provisional, entre outras.

4. Actuacións relativas á violencia de xénero nos xulgados de violencia sobre a muller, sexan ou non exclusivos.

5. Actuacións urxentes do Rexistro Civil, tales como a expedición de licenzas de enterramento, entre outras, certificacións necesarias para obter documentos de obrigado cumprimento ou de deberes administrativos impostos ou para o exercicio doutros dereitos fundamentais e as de obrigado cumprimento prioritario e inescusable cuxa natureza será rexistral; inscricións de nacemento, defuncións, matrimonios...

6. Rexistro de asuntos e documentos en que venza un prazo preestablecido por lei e cuxo vencemento poida deparar perda de dereitos á cidadanía, así como a tramitación daqueles expedientes nos que venza un prazo perentorio e improrrogable e aquelas actuacións nas que venza un prazo improrrogable establecido na lei cuxo incumprimento poida afectar o dereito da tutela xudicial efectiva e aquelas cuxa urxencia veña determinada por un precepto legal ou polos bens xurídicos en xogo.

Para a fixación dos servizos mínimos, a Administración ten en conta igualmente os criterios determinantes que establece a doutrina do Tribunal Constitucional e a xurisprudencia contencioso-administrativa recaída na materia.

Así mesmo, debe terse en conta que de se producir durante a xornada de folga algunha das actuacións urxentes ou esenciais das establecidas polo artigo 42 do Regulamento 1/2005, do Consello Xeral do Poder Xudicial, dos aspectos accesorios das actuacións xudiciais, ou pola normativa procesual correspondente, estas non poderían ser atendidas polo xulgado de garda, dado que o xulgado competente está en horas de audiencia, motivo este polo que é preciso dispoñer dun mínimo de persoal nos distintos órganos xudiciais que figuran no articulado para atender ás actuacións urxentes e inaprazables, sen vulnerar a atribución de competencias previstas nas correspondentes leis procesuais e no citado Regulamento 1/2005. Cómpre sinalar, a modo de exemplo, as seguintes: autorización de medidas precautorias ou de permisos extraordinarios, por parte do xulgado de menores; autorización de entrada en domicilio, medidas sanitarias urxentes de saúde pública, medidas precautorias en materia de estranxeiría, asilo político e refuxiado que impliquen expulsión, devolución ou retorno, por parte dos xulgados do contencioso-administrativo; autorización para internamento, medidas cautelares para protección de incapaz, restitución ou retorno de menores nos supostos de subtracción internacional, por parte dos xulgados de familia;



a celebración de vistas que poidan afectar os dereitos dos traballadores e traballadoras, tales como as demandas de tutela de dereitos fundamentais e liberdades públicas, e as actuacións declaradas urxentes pola lexislación procesual, tales como medidas cautelares necesarias para asegurar a efectividade da tutela xudicial, por parte dos xulgados do social; medidas por dereitos fundamentais da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza; ...

Na fixación dos servizos mínimos preténdese, pois, unha proporcionalidade entre o servizo esencial que cómpre prestar e a garantía do exercicio do dereito de folga dos traballadores. Neste sentido, o establecemento do persoal mínimo para garantir os ditos servizos esenciais ten en consideración os seguintes criterios que se expoñen a continuación de forma xeral, con independencia da xustificación concreta que para cada tipo de órgano ou xurisdición se especifique en cada suposto.

Para garantir a prestación dos anteditos servizos esenciais establécense, por tanto, os servizos mínimos que se concretan deseguido, a extensión territorial, as diferentes dotacións de persoal en función do órgano concreto e as distintas funcións dos diversos corpos, de ser o caso, así como tamén as distintas localizacións dos órganos nos edificios xudiciais segundo a localidade e a existencia de órganos especializados nalgunhas cidades, entre outros.

Neste sentido tense en conta, igualmente, a distinción entre órganos xurisdicionais e aqueles órganos que non o son, xa que nestes últimos ou ben non se establecen servizos mínimos, ou ben os servizos que se fixan son inferiores aos establecidos nos primeiros, por canto que estes atenden os bens xuridicamente obxecto de maior protección. Igualmente, dentro dos órganos xurisdicionais faise unha distinción en función dos bens xurídicos protexidos, que en síntese consiste na distinción entre aqueles órganos que atenden asuntos relativos á xurisdición penal (coma os xulgados do penal, de vixilancia penitenciaria, de violencia sobre a muller ou os servizos comúns de tramitación) e aqueloutros que non os atenden, partindo polo tanto da prestación dun maior número de servizos esenciais durante a folga naqueles órganos que garanten bens xurídicos especialmente protexidos polo ordenamento xurídico, e esencialmente bens persoalísimos e primarios coma, entre outros, a liberdade das persoas. En definitiva, o número de efectivos fixados nestes órganos vai ser superior ao fixado para os outros, que seguirán a pauta xeral.

Ademais, as diferenzas de dotacións existentes nos órganos xudiciais en función das distintas ordes xurisdicionais, das súas necesidades concretas, das funcións que atenden ou da súa localización nas distintas localidades, entre outras razóns, xustifican que non



exista unha uniformidade total na fixación do número de funcionarios/as que deben constituír os mencionados servizos mínimos.

Así mesmo, as distintas funcións que corresponden a cada corpo funcional, establecidas polos artigos 476 e seguintes da Lei orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do poder xudicial, fan necesaria, na determinación dos efectivos que deben atender os servizos esenciais en cada órgano, a concorrencia do persoal funcionario dos distintos corpos que sexa imprescindible para garantir estes servizos esenciais. Neste sentido, o persoal funcionario do corpo de auxilio xudicial, polas súas funcións, non se considera preciso para garantir os servizos esenciais en determinados órganos, coma no caso do Imelga ou dos Xulgados de Paz e Oficinas de Xustiza dos Municipios ou mesmo esta Administración entende suficiente, case na totalidade dos restantes supostos, que o persoal funcionario designado servizo mínimo sexa compartido por distintos xulgados ou seccións dos tribunais. Só se estima precisa a fixación dun auxilio xudicial en cada órgano naqueles supostos en que ou ben exista un único órgano por xurisdición ou na localidade, ou ben se entenda necesaria a súa presenza por mor das materias que o dito órgano atende, coma por exemplo no caso de violencia sobre a muller.

Cómpre sinalar, así mesmo, que nos servizos comúns de tramitación dos Tribunais de Instancia se fai un tratamento individualizado, diferenciando aqueles partidos xudiciais con unha, dúas, tres ou catro prazas xudiciais, fixando dotacións mínimas para cada caso.

Por outra banda, e en prol dunha maior protección do dereito fundamental de folga, esta Administración, respecto do persoal funcionario dos corpos de xestión e tramitación, estimou que o servizo mínimo, naqueles órganos onde poderían atenderse os servizos esenciais coa presenza dun/ha único/a funcionario/a, que son a regra xeral, podería designarse tanto dun corpo coma doutro; establecendo con carácter excepcional a necesidade dun/ha funcionario/a tanto do corpo de xestión coma de tramitación, como sucede nos xulgados do penal, de vixilancia penitenciaria ou de violencia sobre a muller, por canto os asuntos que atenden afectan aos bens xurídicos máis protexidos polo ordenamento vixente, como pode ser a liberdade. Débese sinalar por último, ao respecto, que se ben nos rexistros civís exclusivos non se estimou necesaria na dotación a presenza do/a funcionario/a de auxilio xudicial, si se estima precisa a designación de dous xestores/as ou tramitador/es tanto para as funcións relacionadas con defuncións coma para as restantes actuacións de carácter urxente consideradas servizo esencial, polo volume dos servizos deste carácter que prestan os citados órganos.



En conclusión, polo tanto, como regra xeral esta Administración non fixou, en prol da protección do dereito de folga, servizos mínimos naqueles órganos que non atenden servizos esenciais, establecendo, naqueles que si os atenden, as dotacións mínimas que os poidan garantir. Neste sentido, non se designan funcionarios/as do corpo de auxilio xudicial nalgúns órganos, ou ben en certos casos estes funcionarios/as son compartidos por distintos órganos xudiciais; e, con respecto ao persoal funcionario dos corpos de xestión ou tramitación, establécese como norma xeral a suficiencia dun/ha funcionario/a dos citados corpos por órgano, de forma alternativa.

Entrando xa na concreta xustificación que motiva o número de efectivos establecidos para cada tipo de órgano ou xurisdición, sinálase que:

No Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, o establecemento dos servizos mínimos estriba na necesidade de atender, entre outras, as seguintes cuestións: rexistro de asuntos en que venza un prazo preestablecido por lei cuxo incumprimento poida supor perda ou prexuízo de dereitos aos cidadáns; actuacións nas que venza un prazo improrrogable preestablecido na lei cuxo incumprimento poida afectar a tutela xudicial efectiva; causas con preso; actuacións relativas a violencia doméstica e de xénero; apostilas; ou procesos declarados de carácter urxente pola lexislación procesual, tales como despedimentos colectivos.

No caso da Secretaría de Goberno, órgano que se encarga das apostilas, establécese o mínimo, un/ha funcionario/a, que se estima suficiente para atender os servizos esenciais. Este poderá ser tanto do corpo de xestión coma de tramitación, en prol de garantir unha maior protección do dereito de folga.

Respecto da Oficina de Rexistro e Repartición, fíxase a dotación de servizos mínimos tipo, cun/ha funcionario/a que poderá ser tanto do corpo de xestión coma de tramitación, en prol de garantir esta maior protección do dereito de folga, para a realización das funcións de rexistro e repartición dos asuntos en que venza un prazo preestablecido. Ademais, contará cun/ha funcionario/a de auxilio xudicial.

No caso das salas, dado que operan por seccións, estímase necesario que en cada unha delas exista un/ha funcionario/a do corpo de xestión ou tramitación, compartindo estas seccións un/ha único/a funcionario/a de auxilio, que deberá atender os servizos mínimos de todas as seccións da sala. No caso da Sala do Civil e Penal, dado que non opera en seccións, fíxase un/ha funcionario/a de auxilio único para a citada sala.



Polo que respecta ás Audiencias Provinciais, estriba na necesidade de atender, entre outras, as seguintes cuestións: rexistro de asuntos nos que venza un prazo preestablecido por lei cuxo incumprimento poida supor perda ou prexuízo de dereitos aos cidadáns; actuacións nas que venza un prazo improrrogable e preestablecido na lei cuxo incumprimento poida afectar a tutela xudicial efectiva; atención de sala en causas con preso; medidas cautelares (prisión provisional, liberdade provisional...); medidas en materia de dereito de familia, incluídas as derivadas dos xulgados de violencia sobre a muller; ou actuacións en execución de sentenza que afecten dereitos fundamentais (liberdades...).

No caso da oficina de rexistro e repartición fíxanse os servizos mínimos tipo, cun/ha funcionario/a que poderá ser tanto do corpo de xestión coma de tramitación, en prol de garantir unha maior protección do dereito de folga; así como tamén cun/ha funcionario/a do corpo de auxilio xudicial.

No caso das audiencias provinciais, que se estruturan en seccións, algunha das cales non se localiza na capital de provincia –como sucede coas de Santiago de Compostela ou Vigo–, estímase necesario que, no caso das seccións civís, en cada unha delas exista un/ha funcionario/a do corpo de xestión ou tramitación, compartindo cada dúas seccións un/ha único/a funcionario/a de auxilio, e establecéndose que só no caso de ser o número de seccións impar, un/ha funcionario/a de auxilio deberá atender unha única sección.

No caso das seccións penais e mixtas, tal e como sucede cos restantes xulgados que atenden asuntos de xurisdición penal –que protexe bens xurídicos especialmente protexidos polo ordenamento vixente, e esencialmente bens persoalísimos e primarios coma, entre outros, a liberdade das persoas–, o número de efectivos fixados apártase da regra xeral no tocante ao persoal funcionario do corpo de xestión e tramitación, xa que se establece a necesidade dun/ha funcionario/a de cada un destes corpos. Así mesmo, fíxase un/ha funcionario/a de auxilio por cada respectiva sección.

Nos xulgados de garda, fundaméntase na necesidade de atender as actuacións que xorden durante o servizo de garda que teñen carácter esencial.

Nos rexistros civís, fundaméntase na necesidade de atender as actuacións do Rexistro Civil que teñan carácter esencial.

Nos rexistros civís exclusivos non se estimou necesaria na dotación de persoal funcionario de auxilio xudicial. Respecto do persoal funcionario dos corpos de xestión e tramitación, si se coida precisa a designación de dous/dúas xestores/as ou tramitadores/as para



atender aqueles servizos esenciais relacionados con defuncións, polo carácter esencial da expedición de certificacións nesta materia, e de dous/dúas xestores/as ou tramitadores/as para as restantes actuacións de carácter urxente consideradas servizo esencial que se agrupan.

Nas oficinas xerais do Rexistro Civil de cada localidade fíxase un/ha funcionario/a que poderá ser tanto do corpo de xestión coma de tramitación, en prol de garantir unha maior protección do dereito de folga.

Nos xulgados de primeira instancia, estriba na necesidade de atender, entre outras, as seguintes cuestións: rexistro de asuntos nos que venza un prazo preestablecido por lei cuxo incumprimento poida supor perda ou prexuízo de dereitos aos cidadáns; actuacións nas que venza un prazo improrrogable preestablecido na lei cuxo incumprimento poida afectar a tutela xudicial efectiva; actuacións propias do Rexistro Civil; adopción de medidas cautelares ou provisionais urxentes cuxa demora dificulte a efectividade da tutela xudicial; procesos en materia de familia; internamentos; ou atención ás salas de vistas.

Respecto da concreta xustificación do número de efectivos, a dotación de servizos mínimos segue a pauta xeral: un funcionario/a, que ben pode ser de xestión ou ben de tramitación, en prol de garantir o dereito de folga do persoal; e mais un auxilio xudicial compartido por cada dous xulgados ou fracción. Este mínimo, non obstante, increméntase naqueles xulgados que teñen atribuídas competencias en materia de familia, nos cales se ven afectados os dereitos dos menores, entre outros; así como tamén nos que teñen funcións de rexistro civil.

Nos xulgados do mercantil, radica na necesidade de atender, entre outras, as seguintes cuestións: rexistro de asuntos nos que venza un prazo preestablecido por lei cuxo incumprimento poida supor perda ou prexuízo de dereitos aos cidadáns; actuacións nas que venza un prazo improrrogable preestablecido na lei cuxo incumprimento poida afectar a tutela xudicial efectiva, tales como medidas cautelares ou provisionais urxentes en materia mercantil; embargos preventivos de buques; medidas cautelares cuxa demora dificulte a efectividade da tutela xudicial, tales como en materia de patentes e relacionadas coa propiedade intelectual e industrial; ou despedimentos colectivos en sede concursal.

Respecto da concreta dotación dos servizos mínimos, estableceuse a dotación mínima da que se parte naqueles órganos que atenden servizos esenciais: un funcionario/a, que ben pode ser de xestión ou ben de tramitación, en prol de garantir o dereito de folga do persoal; e mais un auxilio xudicial compartido por cada dous xulgados ou fracción.



Respecto dos xulgados de instrución, estriba na necesidade de atender, entre outras, as seguintes cuestións: rexistro de asuntos nos que venza un prazo preestablecido por lei cuxo incumprimento poida supor perda ou prexuízo de dereitos aos cidadáns; actuacións nas que venza un prazo preestablecido na lei cuxo incumprimento poida supor perda ou prexuízo de dereitos aos cidadáns; ou a adopción de medidas cautelares ou provisionais urxentes (peticións de liberdade provisional, afastamentos, prisión provisional...).

Respecto da concreta dotación dos servizos mínimos, igualmente neste suposto se estableceu a dotación mínima da que se parte naqueles órganos que atenden servizos esenciais: un funcionario/a, que ben pode ser de xestión ou ben de tramitación, en prol de garantir o dereito de folga do persoal; e mais un auxilio xudicial compartido por cada dous xulgados ou fracción.

Exclusivamente se apartan desta regra xeral aqueles xulgados que estean de garda, nos cales, tal e como xa se expuxo e xustificou con anterioridade, se debe contar coa dotación habitual durante a prestación deste servizo; e mais aqueles que teñan competencias en materia de violencia sobre a muller, onde, polos bens xurídicos protexidos e o carácter esencial de gran parte das súas actuacións, os servizos mínimos se deben incrementar nun funcionario/a máis por corpo, en atención, así mesmo, ás distintas funcións atribuídas a cada un deles.

En canto aos xulgados do penal, fundaméntase na necesidade de garantir a celebración de xuízos orais en causas con preso, asegurando deste xeito as vistas con preso sinaladas, así como na de atender aquelas actuacións nas que venza un prazo preestablecido na lei cuxo incumprimento poida supor perda ou prexuízo de dereitos aos cidadáns, as dilixencias urxentes e os asuntos de violencia de xénero.

Na medida en que a xurisdición penal protexe os bens xurídicos especialmente protexidos polo ordenamento xurídico, e esencialmente bens persoalísimos e primarios coma, entre outros, a liberdade das persoas, o número de efectivos fixados nos xulgados do penal arrédase da regra xeral no tocante ao persoal funcionario dos corpos de xestión e tramitación, xa que se establece a necesidade dun/ha funcionario/a de cada un destes corpos. Non obstante, no tocante ao persoal funcionario de auxilio xudicial a dotación dos servizos mínimos segue o tipo fixado con carácter xeral: un/ha funcionario/a por cada dous xulgados ou fracción.

Nos xulgados de menores, estriba na necesidade de atender, entre outras, as seguintes cuestións: actuacións nas que venza un prazo preestablecido na lei cuxo incumprimento



poida supor perda ou prexuízo de dereitos aos menores; adopción de medidas cautelares ou provisionais urxentes (internamentos de menores...); celebración de vistas con menor suxeito a medida de internamento; ou tramitación de permisos extraordinarios.

Respecto da concreta dotación dos servizos mínimos, igualmente neste suposto se estableceu a dotación mínima da que se parte naqueles órganos que atenden servizos esenciais: un/ha funcionario/a, que ben pode ser de xestión ou ben de tramitación, en prol de garantir o dereito de folga do persoal. O auxilio xudicial é único por xulgado, dado que só existe un único xulgado de menores na Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

Nos xulgados do contencioso-administrativo, estriba na necesidade de atender, entre outras, as seguintes cuestións: actuacións nas que venza un prazo preestablecido na lei cuxo incumprimento poida supor perda ou prexuízo de dereitos aos cidadáns; adopción de medidas cautelares ou provisionais urxentes (como autorizacións de entrada en domicilio, autorizacións en materia sanitaria...); procesos de tramitación preferente ou en materia de dereitos fundamentais.

Respecto da concreta dotación dos servizos mínimos, tamén neste suposto se estableceu a dotación mínima da que se parte naqueles órganos que atenden servizos esenciais: un funcionario/a, que ben pode ser de xestión ou ben de tramitación, en prol de garantir o dereito de folga do persoal; e mais un auxilio xudicial compartido por cada dous xulgados ou fracción.

Nos xulgados do social, radica na necesidade de atender, entre outras, as seguintes cuestións: actuacións nas que venza un prazo preestablecido na lei cuxo incumprimento poida supor perda ou prexuízo de dereitos aos cidadáns, asegurando desta forma a celebración de vistas que poidan afectar os dereitos dos traballadores, tales como as demandas de tutela de dereitos fundamentais e liberdades públicas; actuacións declaradas urxentes pola lexislación procesual, tales como medidas cautelares necesarias para asegurar a efectividade da tutela xudicial, procesos de conflitos colectivos, impugnacións de altas médicas, vacacións, mobilidade xeográfica, modificacións substanciais nas condicións de traballo, suspensión do contrato e redución de xornada por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción ou derivadas de forza maior, ou procedementos para o exercicio da conciliación da vida persoal, familiar e laboral recoñecidos legal ou convencionalmente.

Respecto da concreta dotación dos servizos mínimos, igualmente neste suposto se estableceu a dotación mínima da que se parte naqueles órganos que atenden servizos



esenciais: un funcionario/a, que ben pode ser de xestión ou ben de tramitación, en prol de garantir o dereito de folga do persoal; e mais un auxilio xudicial compartido por cada dous xulgados ou fracción.

No caso dos xulgados de vixilancia penitenciaria, estriba na necesidade de atender aquelas actuacións nas que venza un prazo preestablecido na lei cuxo incumprimento poida supor perda ou prexuízo de dereitos aos internos, así como na de tutelar os dereitos dos presos.

Respecto da xustificación da concreta dotación de efectivos, ao igual que se motivou respecto dos xulgados do penal, e na medida en que os xulgados de vixilancia penitenciaria garanten bens xurídicos especialmente protexidos polo ordenamento xurídico, e esencialmente bens persoalísimos e primarios coma, entre outros, a liberdade das persoas, o número de efectivos fixados nestes xulgados arrédase da regra xeral no tocante ao persoal funcionario dos corpos de xestión e tramitación, xa que se establece a necesidade dun/ha funcionario/a de cada un destes corpos. No tocante ao persoal funcionario de auxilio xudicial establécese un funcionario/a como servizo mínimo, dado que non existe máis dun xulgado deste tipo na mesma localidade.

Nos xulgados exclusivos de violencia sobre a muller, fundaméntase na necesidade de atender, entre outras, as seguintes cuestións: actuacións nas que venza un prazo preestablecido na lei cuxo incumprimento poida supor perda ou prexuízo de dereitos aos cidadáns; adopción de medidas cautelares ou provisionais urxentes en materia de familia ou de violencia sobre a muller; ou causas con detido na materia.

Respecto da xustificación da concreta dotación de efectivos, ao igual que se motivou respecto dos xulgados do penal ou dos de vixilancia penitenciaria, nos que a dotación de servizos mínimos tamén é coincidente, e dado que estes xulgados especializados da orde penal garanten bens xurídicos especialmente protexidos polo ordenamento xurídico, o número de efectivos fixados nestes xulgados arrédase da regra xeral no tocante aos funcionarios dos corpos de xestión e tramitación, xa que se establece a necesidade dun funcionario/a de cada un destes corpos. No tocante aos funcionarios de auxilio xudicial establécese un funcionario/a como servizo mínimo, pois que non existe máis dun xulgado deste tipo na mesma localidade.

En relación aos servizos comúns de tramitación de cada localidade, ao se tratar de unidades con competencias en materia civil e penal, e con funcións de violencia sobre a muller, a xustificación fundaméntase na necesidade de atender aquelas actuacións, civís



e penais, nas que venza un prazo preestablecido na lei cuxo incumprimento poida supor perda ou prexuízo de dereitos aos cidadáns, así como na de atender causas con detidos ou presos, ou de violencia sobre a muller e adopción de medidas cautelares ou provisionais urxentes, entre outras cuestións.

No establecemento dos servizos mínimos dos servizos comúns de tramitación faise un tratamento individualizado, diferenciando aqueles partidos xudiciais con unha, dúas, tres ou catro prazas xudiciais, fixando as mínimas dotacións para cada caso.

Nas oficinas de rexistro e repartición dos decanatos, fundaméntase no feito de que se trata dun servizo que ten encomendada, entre outras funcións principais, a da recepción de demandas e escritos dirixidos a todos os órganos xudiciais do partido xudicial, o que podería afectar a tutela xudicial efectiva, especialmente se se trata do vencemento dun prazo preestablecido na lei.

Na asignación do número de efectivos en servizos mínimos tense en conta o volume de rexistros diferentes en cada partido xudicial, así como o número de efectivos que veñen realizando estas funcións con carácter xeral. En todos estes servizos mínimos se mantén a pauta xeral pola que o persoal funcionario pode ser tanto do corpo de xestión coma de tramitación, en prol de garantir o dereito de folga do persoal.

Nos servizos comúns de atención á cidadanía e á vítima, trátase dun servizo que ten encomendada, entre outras funcións principais, a da asistencia ás vítimas de delitos.

Respecto da concreta dotación de servizos mínimos, fíxase a dotación mínima: un funcionario/a por cada servizo.

Nos servizos comúns de notificacións e embargos, radica na necesidade de asegurar a realización de actos de comunicación de carácter urxente.

A concreta dotación de servizos mínimos arrédase do tipo mínimo que permite un funcionario/a de xestión ou de tramitación, xa que se estima necesaria a presenza dun funcionario/a de cada un destes corpos en atención ás funcións encomendadas a estes servizos, como sucede coa Comisión Xudicial. Así mesmo, cómpre sinalar que este servizo presta asistencia a todos os órganos do partido xudicial no que está constituído.



Nas oficinas das fiscalías, fundaméntase na necesidade de, entre outras cuestións, garantir as medidas cautelares ou provisionais urxentes en materia de familia, de violencia sobre a muller e de liberdade provisional.

Respecto da concreta dotación de servizos mínimos, séguese a pauta do tipo mínimo que se vén establecendo, tal e como consta na exposición de motivos, agás no caso das fiscalías provinciais, en que se designa un funcionario/a a maiores a fin de garantir aqueles servizos esenciais relacionados cos menores, e no caso das seccións territoriais, onde se establece o mínimo para permitir a apertura do servizo: un funcionario/a.

En relación ao Instituto de Medicina Legal de Galicia, fundaméntase na necesidade de garantir o servizo que lle é propio na materia: a prestación do servizo de garda; a asistencia médico-forense ao xulgado de garda; o levantamento de cadáveres; a asistencia a detidos e a vítimas de violencia de xénero; a asistencia nos internamentos; autopsias; a atención a aquelas actuacións nas que venza un prazo preestablecido na lei cuxo incumprimento poida supor perda ou prexuízo de dereitos á cidadanía; ou a redacción de informes urxentes, entre outros.

A dotación dos servizos mínimos está constituída, xa que logo, polo persoal que presta o servizo de garda e, así mesmo, por un funcionario/a do corpo de tramitación, dado que o Imelga non conta con persoal funcionario de xestión, para dar soporte, rexistrar e dar trámite a aquelas actuacións urxentes descritas con anterioridade que poidan constituír servizo esencial.

Por último, nos xulgados de paz e Oficinas de Xustiza dos Municipios, fundaméntase na necesidade de garantir a apertura e o servizo esencial que lles é propio na materia, principalmente de Rexistro Civil.

Respecto da dotación, tamén neste suposto se fixa a dotación mínima (un funcionario/a por xulgado de paz ou Oficina de Xustiza do Municipio) coa finalidade de garantir a apertura do servizo, dado que a ausencia deste único funcionario/a implicaría a paralización do servizo, asegurando así as funcións de certificación que lles son propias en materia de Rexistro Civil.

En relación á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, esta préstalle servizo ao Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112, polo que os servizos mínimos propostos establécense coa mesma intensidade mínima para poder atendelos, tal e como se sinala na Sentenza 1397/2012 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.



A Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, creou a Axencia Galega de Emerxencias (en diante Axega), configurándoa como un ente instrumental para a xestión das emerxencias, e establecendo como unha das súas funcións a de xestionar o Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia (en diante, CIAE 112) e prestar materialmente a asistencia requirida pola cidadanía a través del, ou dar traslado, segundo se estableza regulamentariamente, daquelas que corresponda atender a outros organismos competentes na materia.

A Xerencia é o órgano executivo da Axega e lle compete a súa xestión ordinaria. De conformidade co disposto no Decreto 292/2008, do 30 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Axega, ademais das funcións recollidas no artigo 11 do Estatuto da Axega, á Xerencia lle corresponden, entre outras, as funcións de organización, dirección técnica e xestión do CIAE 112; a proposta de planificación, dotación, coordinación e supervisión de medios e recursos para a intervención e xestión de emerxencias; a coordinación operativa das actuacións que en materia de servizos contra incendios e salvamento local lle atribúan os plans e programas de protección civil e a coordinación do CIAE 112 con outros organismos públicos e privados, fomentando a sinatura de protocolos e acordos de colaboración. Debido á natureza das súas funcións, resulta unha figura esencial na xestión das emerxencias, e polo tanto, no funcionamento da propia Axega e do CIAE 112.

A Axega conta entre o seu persoal con dous postos administrativos, que realizan tarefas de tramitación administrativa, telefónica e rexistro así como de apoio á Xerencia na súa xestión ordinaria. Polo que resulta necesario fixar uns servizos mínimos, debido ao carácter das súas funcións.

Finalmente, entre as funcións da persoa titular da Área do CAE 112 Galicia destacan a xestión operativa e a supervisión do CIAE 112 a elaboración e revisión dos protocolos de actuación e xestión de emerxencias do CIAE 112 con suxeición a estándares de calidade. Polo que tamén se considera un efectivo fundamental en calquera tipo de incidencia ou anomalía no funcionamento do CIAE 112.

O servizo prestado desde o CIAE 112 ten carácter fundamental e esencial para a cidadanía. O volume de chamadas ou atención requirida depende das emerxencias acaecidas, catástrofes, accidentes e demais situacións de urxencia que teñen, por definición, carácter imprevisible, polo que o servizo debe estar suficientemente dimensionado para atendelas.

O número de traballadores/as que se establece como servizos mínimos, dadas as características do servizo dispensado polo CIAE 112 de Galicia, resulta imprescindible para



manter a axeitada cobertura na atención das emerxencias e para evitar que se produzan graves prexuizos á poboación.

Na fixación dos servizos mínimos pártese do feito de que o CIAE 112 funciona as 24 horas do día, 7 días á semana e os 365 días do ano. A carga de traballo ao longo dunha xornada vén determinada, en primeiro lugar, polo número de incidencias que se produzan e a cantidade de chamadas que se efectúen pola cidadanía ao número 112 ante as cales o servizo, como se sinalou, debe contar co número de profesionais suficiente para prestar a atención que se demanda.

Tívoise en conta que o mes de outubro é un mes onde usualmente en Galicia se dan episodios de lumes forestais con tormentas eléctricas en moitos casos secas os cales son imprevisibles pero que fan que aumente o número de incidencias o que repercute na maior necesidade de persoal e operación en atención telefónica do 112.

Igualmente, tívoise en conta que actualmente se atopan integrados no CIAE 112, na súa sede da Estrada, a Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 (que se trasladou no mes de outubro de 2018) e a Unidade de Policía Adscrita á Comunidade Autónoma - UPA (desde xullo 2018), o que incide nos labores de xestión tecnolóxica.

Cómpre sinalar, ademais, que dende o 112, ademais da prestación de asistencia ás persoas que a requiren ante situacións de urxencia, desenvólvense outros servizos como a difusión de información á cidadanía, por exemplo ante situacións de risco, sendo un medio fundamental as redes sociais e a web do 112, que permiten trasladar información dotada de inmediatez, veraz e contrastada, o que constitúe unha ferramenta de autoprotección das persoas ante situacións de emerxencia que poidan acontecer.

Por canto antecede, e atendido o carácter esencial deste servizo público, establécense os servizos mínimos, determinados en función das diversas categorías do persoal en cada quenda de traballo, posto que as funcións e traballo que cada unha leva a cabo, pola súa especialidade, non é substituíble ou intercambiábel por outra. Neste senso cómpre salientar que:

A xestión operativa do CIAE 112 integra as seguintes áreas: xefatura de explotación operativa; área de operación do CIAE 112, área de formación; área de comunicación, prensa e imaxe; e área de calidade, protocolos e documentación.



En primeiro lugar, dentro do denominado persoal de estrutura, atopamos aos efectivos da xefatura de explotación operativa. Debemos salientar que esta figura é fundamental na prestación do servizo, posto que está relacionada coa xestión de recursos humanos. No caso de producirse calquera tipo de problema durante o día 15 de outubro de 2025, se resultase preciso incrementar o número de operadores na sala por un aumento de chamadas por situacións de emerxencia, entraría esta figura do persoal de xefatura de explotación operativa, facendo en primeira instancia tamén labores de apoio á Operación ata que cheguen os reforzos necesarios. Ademais, levan o control de actuación e incidencias do CIAE 112, así como a dirección e avaliación dos resultados. Esta categoría debe contar con presenza no centro durante a mañá e a tarde, por se resultase preciso levar a cabo un redimensionamento na sala ante unha situación de emerxencia que o faga necesario. A xefatura de explotación operativa realiza a coordinación, o control e a supervisión das tarefas realizadas polo persoal da xestión operativa e se encarga de verificar o adecuado dimensionamento. Entre as súas funcións podemos destacar o control de cumprimento das funcións; a detección da necesidade de activación de recursos extraordinarios aos previstos, elevándoa á decisión da Xerencia da AXEGA; a modificación dos procedementos de actuación da Sala de Operacións do CIAE 112; a xestión das solicitudes de particulares, organismos e/ou colaboradores externos (xulgados, forzas e corpos de seguridade, etc); e a adecuación dos recursos materiais e humanos necesarios para garantir o correcto servizo á cidadanía. As funcións do persoal de xefatura de explotación operativa non poden ser desenvolvidas por ningún outro persoal.

Dentro do persoal de estrutura atopamos tamén a área de Comunicación, Prensa e Imaxe. A tarefa principal deste departamento céntrase na relación do CIAE 112 Galicia cos medios de comunicación, para os efectos de facilitar a información necesaria requirida por eles. As súas funcións non son intercambiáveis con outra categoría de persoal. O persoal de prensa e comunicación encárgase, entre outras tarefas, da actualización de información a través das redes sociais do 112. As redes sociais son unha canle fundamental para facer chegar a información á cidadanía, sendo especialmente relevante nunha xornada de folga na que se ten que dar puntual conta de datos relacionados con posibles incidencias de seguridade ou situacións de urxencia que poidan acaecer sendo, ademais, a canle máis axeitada pola súa inmediatez para informar a aquelas persoas que se atopan participando en manifestacións ou concentracións convocadas nesa xornada. A xestión das redes como vías directas de transmisión de información á cidadanía así como a atención a medios no caso de que suceda algunha incidencia supón que deba contarse cunha persoa localizada en cada quenda de traballo, posto que pode ser preciso atender a demanda de información sobre mobilización de recursos ou informacións sobre asistencias que poidan ser precisas



ante situacións ou eventualidades que teñan lugar durante as manifestacións, concentracións, etc. As ditas funcións xustifican os servizos mínimos establecidos para o persoal desta categoría do CIAE112.

Así mesmo, dentro do persoal de estrutura atópanse tanto os efectivos pertencentes á Area de Calidade, Protocolos e Documentación, como os correspondentes á área de Formación, respecto dos cales non se sinalan servizos mínimos, atendido o carácter das súas funcións.

Finalmente, dentro do persoal de estrutura se integra tamén a área de operación do CIAE 112 que comprende tres seccións: de coordinación, de enlace e de operación.

A sección de coordinación ten por finalidade o control da calidade e da correcta xestión telefónica segundo a estrutura de chamada definida por procedemento, por parte da área de operación do CIAE 112 na recepción de chamadas ordinarias, de emerxencia ou de urxencia, realizadas pola cidadanía, dándolles o tratamento correspondente. Supervisa e asesora os/as operadores/as se a emerxencia é de certa entidade e, en atención á súa cualificación, leva a cabo a coordinación, supervisión e seguimento directo da actividade dos/das operadores/as, aos/ás cales presta o seu asesoramento cando a situación o require. Deste xeito, non contar con esta figura dificultaría o correcto desenvolvemento do servizo e afectaría o labor dos/das operadores/as, que non poderían tomar determinadas decisións ante unha emerxencia nas debidas condicións de rapidez e eficacia. Entre as súas funcións podemos destacar: o seguimento das incidencias e dos recursos mobilizados pola Sala de Operacións do CIAE 112, en especial daquelas situacións de emerxencia que poidan dar lugar á activación dalgún plan; o control da recepción, resposta e atención de chamadas recibidas; o control da tipificación e xestión das chamadas, así como a confirmación da aplicación dos procedementos e das tácticas operativas; seguimento das incidencias ata o seu peche. Os/as coordinadores/as toman a decisión da conversión da actividade de xestión na sala ao modelo de “sala partida” en momentos de alta actividade, creando grupos de traballo compartimentados dentro dos/as operadores/as, aumentando as súas función e tarefas de xeito proporcional a este incremento.

Por canto antecede, atendendo á súa cualificación e especialización, a figura do/a coordinador/a non resulta substituíble por outra categoría de persoal do CIAE 112.

A sección de enlace está formada por persoal cualificado ao cal lle corresponde recibir as chamadas dos/das xefes/as dos servizos de emerxencias e demais organismos e autoridades públicas para coordinar actuacións, evitando que estas chamadas pasen ao resto



de operadores/as que están recibindo as chamadas da cidadanía. A iso súmase que lles corresponde facer o seguimento dos fenómenos meteorolóxicos adversos e da documentación precisa para o envío das distintas alertas ou avisos. A sección de enlace tamén informa e asiste ao persoal técnico de garda do CIAE 112, non só nas emerxencias ordinarias de certa envergadura, senón tamén naquelas que acadan niveis de gravidade importante nas que sexa necesaria a activación de plans e toma de medidas extraordinarias, de acordo cos procedementos daquel. Os/as operadores/as de enlace son persoal con especialización nas súas funcións, que non poden ser desempeñadas por ningún outro operador/a.

A sección de operación ten por finalidade a recepción de chamadas tanto ordinarias como de emerxencia ou de urxencia, realizadas pola cidadanía. Os/as operadores/as de atención telefónica constitúen a peza básica do sistema de xestión de chamadas de emerxencia. A súa función consiste na recepción das chamadas, a recollida dos datos precisos, a tipificación das incidencias e a súa transmisión aos organismos implicados na mobilización de recursos. O persoal operador de atención telefónica é quen, a través da aplicación de xestión de emerxencias, ten que conseguir xestionar no menor tempo posible unha situación de emerxencia, desde a chamada inicial. De non contar co suficiente persoal desta categoría, poríase en risco o funcionamento do servizo. Se non existen operadores/as telefónicos/as suficientes, o servizo prestado polo 112 carecería do primeiro e fundamental eslabón da cadea. Sería imposible funcionar segundo os estándares mínimos de rapidez e eficacia exixibles nun centro desta natureza cun dimensionamento inferior ao establecido, atendendo ao número diario de chamadas que, de media, se reciben no número 112.

Neste caso, redúcense os efectivos de operadores/as ao 80 %, o que supón un número de efectivos incluso inferior ao establecido para un mércores.

Por último, respecto do persoal de soporte técnico (Área de Informática do CIAE 112), cómpre sinalar que resulta fundamental, dada a especificidade e criticidade dun centro como o CIAE 112 e atendidas as características e complexidade da plataforma de xestión de emerxencias. Trátase de persoal formado e especializado e é imprescindible, cando menos, a súa dispoñibilidade (estar localizables) para resolver calquera incidencia, avaría ou eventualidade de tipo técnico que poida xurdir, máxime tendo en conta que no CIAE 112 se integraron servizos no edificio da Estrada (o 061 e a UPA).

Por canto antecede, no seu conxunto, para o CIAE 112 establécense para a xornada do 15 de outubro de 2025 uns servizos mínimos que son incluso inferiores ao dimensionamento dun mércores.



No ámbito da Dirección Xeral de Mobilidade, no sector do transporte, os servizos que se prestan teñen un carácter esencial para a cidadanía en canto que supoñen unha ferramenta básica para o exercicio doutros dereitos como son os de libre circulación dentro do territorio nacional (artigo 19 da Constitución), á educación (artigo 27) e ao traballo (artigo 35). Desta maneira, a garantía dunha mínima mobilidade da cidadanía durante as xornadas de folga convértese nunha demanda do interese xeral que debe ser atendida pola Administración no ámbito das competencias que ten atribuídas.

No ámbito das competencias desta consellería no sector do transporte, cómpre distinguir:

A) Servizos públicos de transporte regular de viaxeiros de uso xeral por estrada: están afectadas pola folga as concesións de servizo público de transporte regular de viaxeiros por estrada de uso xeral.

Dentro da regulación dos servizos mínimos do servizo público de transporte regular de uso xeral de viaxeiros por estrada diferénciase, por unha banda, os servizos correspondentes ás expedicións integradas, nos que existe unha reserva de praza a favor de escolares en aplicación da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, e nas que se establecen como servizos mínimos as expedicións cunha lonxitude superior a catro quilómetros.

Por outra banda, respecto do resto de expedicións non integradas, diferénciase os servizos de proximidade, cunha lonxitude inferior a vinte e cinco quilómetros, nos que, nas franxas horarias da primeira e última hora do día, das 6.00 ás 9.00 horas e das 18.00 ás 21.00 horas, establécense como servizos mínimos o cincuenta por cento das expedicións existentes; os servizos periurbanos prestados no ámbito de cidades que contando coa obriga legal de prestación do servizo de transporte colectivo carecen deste, a mesma porcentaxe do cincuenta por cento respecto das expedicións existentes ao longo da xornada; e nas expedicións non integradas de lonxitude superior a vinte e cinco quilómetros, con orixe ou destino nalgunha das sete cidades, nas que se mantén unha expedición de ida e outra de volta nos servizos con saída anterior ás 14.00 horas e posterior ás 18.00 horas.

Atendendo aos anteriores criterios, o volume de servizos públicos de transporte regular de uso xeral por estrada que se deberán prestar en todo caso como servizos mínimos, sitúase no entorno do 57 % aos que correspondería prestar en condicións normais, reducíndose a menos do 31 % no caso dos servizos públicos regulares de viaxeiros de uso xeral por estrada que non teñen o carácter de servizos integrados.



Consonte co anterior, os servizos mínimos para a xornada de folga do mércores 15 de outubro sinálanse no anexo I desta orde.

B) Servizos regulares de uso especial para transporte de escolares: o campo destes servizos resulta especialmente sensible, tanto por ser o transporte un mecanismo auxiliar para o exercicio dun dereito fundamental, como é o da educación, como polas especiais exixencias que implica a protección aos menores.

Do mesmo xeito, a dispersión da poboación en Galicia determina que, diariamente, se teña que realizar unha significativa cantidade de desprazamentos para os que non existe alternativa real de mobilidade, polo que o mantemento dos servizos de transporte público resulta fundamental.

Coa finalidade de ponderar a garantía do esencial dereito á folga dos traballadores e traballadoras, xunto coa garantía do igualmente elemental dereito de acceso ao sistema educativo, deberán manterse como esenciais os servizos de entrada aos centros desde as 7.30 ata as 10.30 horas, e os de saída desde as 13.30 ás 19.00 horas, nos itinerarios de transporte escolar de estudantes de niveis de ensino obrigatorio cuxa lonxitude total sexa superior a 4 km.

C) Servizos regulares de uso especial para transporte de traballadores: co fin de garantir a chegada e a saída dos postos de traballo naqueles servizos de carácter interurbano en que a ausencia dunha previsión mínima crebaría toda posibilidade de acceso ao traballo, propóñense como mínimos todos os servizos nas expedicións anteriores ás 9.00 horas e posteriores ás 18.00 horas.

D) Servizos de transporte público regular de uso especial de usuarios de centros socioasistenciais para a atención diúrna de persoas maiores en situación de dependencia ou grave risco de padecela e centros de atención a persoas con discapacidade: debido á especial necesidade de protección das persoas usuarias dos centros de día para persoas maiores e centros de atención a persoas con discapacidade, equipamentos destinados á atención de persoas con perda da súa autonomía física ou psíquica e en situación de dependencia ou en grave risco de padecela que, residindo nos seus propios fogares, pola súa vulnerabilidade precisan dunha serie de cuidados e atencións de carácter persoal, terapéutico ou social, manteranse como esenciais os servizos de entrada aos centros desde as 8.00 ás 11.30 horas, e os de saída, desde as 16.30 ás 20.00 horas, así como os traslados do Centro Ocupacional O Sair de Caldas de Reis, das 6.00 ás 8.45 horas, e das 16.00 ás 18.00 horas.



E) Transporte de mercadorías: neste ámbito debe terse en conta a dependencia que deste tipo de transporte teñen os servizos de asistencia sanitaria, que non poden afrontar unha falta de subministración suficiente dos produtos precisos para a atención á cidadanía.

En consecuencia, propónse manter a totalidade dos transportes de toda clase de mercadorías para e desde os establecementos sanitarios.

F) Transporte funerario: polas necesidades sociais inaprazables que atende esta modalidade de transporte, deberán manterse a totalidade dos servizos de transporte funerario.

- No marco das competencias atribuídas á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, cómpre a fixación de servizos mínimos na Sociedade Galega do Medio Ambiente, empresa que ten encomendada a xestión dos residuos sólidos urbanos a partir do seu depósito nas estacións de transferencia ou plantas de tratamento, xa que a parada das instalacións centrais de Sogama (motores, caldeiras e turbinas) e plantas de transferencia, en caso de non se fixaren servizos mínimos, imposibilitaría directamente a prestación dos servizos esenciais, o que ocasionaría graves consecuencias ambientais e de saúde pública, e desde a base de que estes servizos mínimos afectan a un menor persoal que o que estaría operativo en sábados, domingos ou festivos.

No ámbito das competencias de meteoroloxía e cambio climático da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático cómpre establecer uns servizos mínimos no ámbito da modelización numérica asociada ao servizo que presta MeteGalicia. As funcións que se desenvolven son as de executar modelos matemáticos precisos para elaborar a predición meteorolóxica, polo que é preciso fixar uns servizos mínimos que garantan a predición meteorolóxica tanto na quenda de mañá como na de tarde, xa que os modelos se executan dúas veces ao día.

No ámbito de competencias da conservación do patrimonio natural, cómpre a fixación duns servizos mínimos que garantan o adecuado desenvolvemento da xestión dos recursos naturais e cinexéticos, e considérase indispensable a presenza de persoal dos espazos naturais protexidos e da biodiversidade, dada a especial protección que requiren tanto os bens como os recursos naturais existentes nestes espazos.

Así mesmo, tamén se tiveron en conta as necesidades mínimas de funcionamento, sen colapso, dos centros de recuperación da fauna salvaxe, piscifactorías e demais centros de fauna. Constitúe esta proposta o persoal mínimo para poder cubrir as contingencias que



poidan acontecer en cada distrito, parque natural e nos centros de traballo da Consellería que, polas súas características especiais, precisen dunha atención instantánea.

No que atinxe ao ámbito concreto do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, cómpre fixar uns servizos mínimos que poidan atender unha eventual situación de urxencia nos usos autorizados nel, tendo en conta que son catro arquipélagos (Cíes, Ons, Sálvora e Cortegada). Finalizada a tempada de verán xa non opera o servizo público de transporte regular das illas, polo que para garantir os desprazamentos do persoal é preciso fixar servizos mínimos na tripulación.

- No ámbito da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, polo que se refire ao servizo esencial da educación, este non pode ser reducido exclusivamente á actividade docente, xa que xunto a esta actividade se realizan outras funcións como son a vixilancia e coidado dos nenos e nenas, menores de idade, que acoden aos centros docentes públicos, así como o coidado, mantemento e vixilancia das instalacións destinadas ao servizo público educativo.

Con carácter xeral, o artigo 39 da Constitución depara unha protección especial aos menores; dun xeito máis específico, a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOG do 15 de xullo), dispón no seu artigo 7 que o alumnado ten dereito a que se respecte a súa identidade, integridade e dignidade persoal, e á protección integral contra toda agresión física e moral. Polo tanto, a custodia e seguridade dos menores de idade que accedan a un centro docente, o cumprimento dos principios constitucionais mencionados e dos dereitos citados é responsabilidade ineludible desta Administración educativa e parte indivisible do dereito esencial á educación.

O dereito á seguridade e o correlativo deber de protección dos menores, dada a súa entidade, debe exercerse continuamente. Como servizo mínimo para garantilos establécese que os centros docentes permanezan abertos no seu horario habitual, coa necesaria presenza nos ditos centros do/a director/a, ou, de ser o caso, doutro membro do equipo directivo que o/a substitúa, xa que tales membros do equipo directivo teñen a representación do centro e garanten o cumprimento das leis e demais disposicións vixentes, como sinalan as alíneas a) e d) do artigo 132 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e polo tanto están capacitados e facultados para resolver calquera incidencia respecto da seguridade dos menores de idade. Así mesmo, consonte a normativa citada, o director tamén está facultado e capacitado para resolver calquera incidencia que se poida producir respecto do conxunto dos bens que integran un centro docente.



A presenza dun subalterno ou subalterna deriva das funcións que a este tipo de persoal compete respecto do coidado e vixilancia das instalacións e do control de entrada e saída do centro educativo, tanto para evitar a entrada de persoas alleas ao centro como para evitar a saída dos menores de idades cando non corresponda.

Dentro do deber de outorgar protección básica ao menor de idade debemos incluír a súa alimentación, así, cando un servizo público asume esta responsabilidade, non pode desatendela, o que motiva que unha persoa con funcións de cociña deba permanecer nos centros educativos ordinarios con servizo de comedor.

O dereito á seguridade e o correlativo deber de protección dos menores que, como se dixo, non pode ser paralizado, inclúe a actividade básica de coidar a integridade física e hixiene daqueles que por ter diminuídas as súas capacidades necesitan unha constante vixilancia e atención (artigo 49 da Constitución) por parte de coidadores de alumnado con necesidades educativas especiais presentes nos centros docentes ordinarios. O alumnado dos centros de educación especial teñen unhas necesidades relativas á súa atención aínda máis reforzadas, polo que debe haber unha presenza mínima de persoal sanitario, persoal coidador, de comedores e de limpeza.

Os centros residenciais docentes teñen como característica propia a presenza do alumnado fóra do horario lectivo, para realizar actos da vida cotiá que o resto fai no seu domicilio particular, como estudar, durmir ou comer. Nestes centros debe quedar garantida, xa que logo, a atención mínima para que esas actividades non se poidan ver alteradas con risco ou desatención para os usuarios do servizo; trátase de garantir minimamente a hixiene, a alimentación e a seguridade, razón pola cal resulta necesaria a presenza dun membro do equipo directivo, así como de parte do persoal de limpeza, de comedor e subalternos.

- No ámbito Consellería de Política Social e Igualdade tómase en consideración para determinar os servizos mínimos a necesidade da presenza efectiva que garanta o funcionamento dos centros, tendo como referencia para os centros asistenciais o número de efectivos presentes nun día festivo por seren estes os días en que a prestación de servizos e a realización de actividades, así como o número de usuarios, acadan os seus niveis mínimos e limitáranse ao mantemento básico e esencial dos centros, o cal non pode ser desatendido. Estes servizos mínimos fixados no ámbito dos servizos sociais considéranse imprescindibles para garantir unha atención adecuada ás persoas residentes ou usuarias destes centros, máxime cando é necesario dar unha resposta inmediata ás diferentes situacións de emerxencia social.



• No ámbito da Consellería de Facenda e Administración Pública, a Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal, a través do Servizo de Listas de Contratación Temporal, realiza diariamente as coberturas con carácter temporal de postos reservados tanto a persoal funcionario das administracións xeral e especial coma os reservados ao persoal laboral da Xunta de Galicia.

Os postos que se provén temporalmente corresponden entre outros, a persoal non docente da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, a inspectores veterinarios dependentes da Consellería de Sanidade e a persoal dos centros asistenciais da Consellería Política Social e Igualdade.

Dado que, dentro da actividade destes ámbitos, se producen diariamente situacións que motivan a cobertura urxente dos postos por non ser previsible coa antelación suficiente e que é necesario realizar esta de xeito urxente para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público, cómpre establecer os servizos mínimos que se concretan no articulado.

No ámbito da Axencia Tributaria de Galicia cómpre a fixación de servizos mínimos para garantir o funcionamento do sistema de cita nos servizos centrais e nas súas delegacións, xa que o día da folga pode coincidir co último día para:

– A presentación dos impostos que xestiona esta axencia (ISD ten seis meses ou un mes segundo os casos para presentarse, ITPAXD ten un mes para presentarse) que necesariamente, segundo a normativa vixente, ten que realizarse para os suxeitos pasivos non obrigados a relacionarse electronicamente coa Atriga, de xeito presencial nas nosas delegacións e non cabe a súa presentación por Rexistro Xeral segundo regulan as súas ordes.

– Achegar un certificado de estar ao corrente coas obrigas coa Xunta de Galicia en relación con solicitudes de axudas, subvencións ou procedementos de contratación, que se emiten de xeito presencial unicamente nas dependencias desta axencia.

Finalmente, Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A. garante a atención de emisores e reemisores para conseguir a cobertura do sinal de comunicación audiovisual, a continuidade da rede de emerxencias e a conectividade da Xunta de Galicia.

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A. é a sociedade mercantil pública autonómica cuxo obxecto social, de acordo cos seus estatutos, é:



«1. (...) a realización de actividades dirixidas á prestación de servizos en materia de telecomunicacións na Comunidade Autónoma de Galicia, para as cales obterá os títulos habilitantes que sexan necesarios en cada caso.

Así mesmo, terá por obxecto tanto a planificación, instalación, xestión, mantemento e explotación de infraestruturas, sistemas e servizos de telecomunicacións en Galicia, como a elaboración de propostas, análises e estudos relacionados coas telecomunicacións que correspondan á Comunidade Autónoma de Galicia.

2. En particular constituirán parte do obxecto social as seguintes actividades:

a) A promoción, planificación, deseño, construción, conservación, mantemento, dotación de equipamento e explotación, por si mesma ou mediante terceiros, de toda clase de infraestruturas e servizos de telecomunicacións que sexan promovidas pola Comunidade Autónoma de Galicia ou en que esta participe, vinculadas ao ámbito das telecomunicacións».

Para o desenvolvemento das súas funcións, Retegal conta con seis (6) centros emisores:

– San Marcos-O Pedroso-Santiago de Compostela (A Coruña), A Bailadora-Ares (A Coruña), Domaio-Moaña (Vigo), O Xistral-Vilalba (Lugo), O Páramo-Sarria (Lugo), A Meda-Montederramo (Ourense)- e cun Centro de Xestión e Atención de Rede (CEXAR).

Os traballadores prestan servizos nestes centros, ininterrompidamente, 24 horas ao día, os 365 días do ano, en horario presencial no CEXAR. Nos centros emisores, préstanse servizos ininterrompidamente as 24 horas do día, os 365 días do ano, e parte son en horario presencial e parte en dispoñibilidade (gardas).

Resulta necesario a presenza ou atendimento (dispoñibilidade) dos referidos centros permanentemente coa finalidade de asegurar as prestacións de servizos contratadas.

A maior abastanza, Retegal, contractualmente, ten cláusulas de penalización por indispoñibilidades na prestación dos servizos que realiza.

Polos servizos esenciais que presta Retegal, que non son obxecto de discrepancia, e que se xustifican na nota da SETSI sobre a folga xeral do 29 de setembro de 2010, no centro de San Marcos, nas oficinas centrais de Retegal, os sábados, domingos e festivos sempre hai un/unha enxeñeiro/a do departamento técnico de garda (Soporte Nivel 3),



imprescindible para atender as incidencias que non poden ser resoltas polo persoal dos centros emisores.

A inclusión de cinco técnicos/as no CEXAR obedece a que o horario da xornada de folga comeza ás 22:00 horas do día 14 de outubro e finaliza as 23:59 horas do día 15 de outubro, afectando a cinco quendas.

- Na Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, no ámbito da materia de infraestruturas viarias, a Comunidade galega caracterízase pola dispersión da súa poboación e pola existencia de innumerables asentamentos de poboación (máis de 30.000 entidades de poboación no conxunto dos 313 municipios galegos) distribuídos nun territorio caracterizado pola súa difusión xeográfica e atendidos por unha extensa rede de infraestruturas de diversa escala.

Garantir a súa utilización pola cidadanía en condicións de normalidade exige, por un lado, manter as estradas nunhas condicións mínimas que garantan o funcionamento das infraestruturas coas debidas condicións de seguridade para os seus usuarios e usuarias, e doutro, permitir a súa utilización de acordo cos principios de igualdade, universalidade e non discriminación, posibilitando, deste xeito, a liberdade de circulación, e, xunto esta, o acceso ao exercicio doutros dereitos fundamentais, como o acceso aos servizos de saúde ou a liberdade de elección entre o exercicio ao dereito de folga e o dereito ao traballo.

Neste marco, nas vías de alta capacidade en réxime de concesión e naquelas cuxa con-  
traprestación sexa o pagamento dunha tarifa por parte da Administración debe prestarse o  
servizo nunhas condicións mínimas que garantan o funcionamento das infraestruturas coas  
debidas condicións de seguridade e considérase indispensable a presenza de persoal nos  
centros de control, así como a existencia de persoal que actuará cando se prevexan cir-  
cunstancias adversas de calquera tipo: emerxencias ou situacións excepcionais derivadas  
de accidentes, posibilidade de obstáculos na estrada ou desprendementos, presenza de  
animais na vía, circulación de vehículos con cargas perigosas, fenómenos meteorolóxicos  
(neve, xeo, sarabia, chuvia) etc.

Pola súa banda, e ao respecto da conservación ordinaria das estradas de titularidade  
autonómica que non se xestionen baixo o réxime de concesión, por parte das empresas  
adjudicatarias dos contratos de servizo para a conservación ordinaria tamén se considera  
indispensable a existencia de persoal que actuará cando se prevexan circunstancias ad-  
versas de calquera tipo: emerxencias ou situacións excepcionais derivadas de accidentes,  
posibilidade de obstáculos na estrada ou desprendementos, presenza de animais na vía,



circulación de vehículos con cargas perigosas, fenómenos meteorolóxicos (xeo, sarabia, chuva), etc. En ambos os casos, tanto as empresas concesionarias como as empresas adxudicatarias de servizo en vías explotadas pola Administración atenderán as necesidades, para o que establecerán as medidas preventivas e correctivas, e a transmisión de información sobre elas, para o que adoptarán as medidas precisas para atender axeitamente as incidencias acaecidas durante as horas en que teña lugar a folga convocada.

Asemade, considérase necesario que nas áreas de peaxe das autoestradas A Coruña-Carballo (AG-55) e Puxeiros-Val Miñor (AG-57) en que non existen vías automáticas permaneza operativa unha vía manual, dado que doutra forma se impediría a circulación de vehículos por eses treitos.

- No que respecta á Consellería de Sanidade, os servizos mínimos que se establecen resultan totalmente necesarios para manter a adecuada cobertura dos servizos esenciais que presta a Consellería de Sanidade, evitando que se produzan graves prexuízos para a saúde dos/das cidadáns e permitindo cumprir coa normativa vixente.

Tales servizos mínimos responden á necesidade de compatibilizar o respecto ineludible ao exercicio do dereito á folga, co mantemento dunha serie de servizos á poboación, que baixo ningún concepto poden quedar desasistidos, xa que se realizan no eido da protección da saúde, cun carácter marcadamente preventivo e deberán ser prestados tendo en conta as obrigas que o marco normativo vixente, no contexto europeo, nacional ou autonómico, establece en materia ambiental e alimentario co obxectivo de protexer a saúde dos cidadáns. No ámbito sanitario, os servizos deben garantir o cumprimento das normas esenciais para asegurar o control de calquera incidencia que se poda producir nos establecementos e servizos de saúde ambiental ou alimentaria.

En canto á inspección de saúde pública cubriranse as necesidades urxentes ou de perentoria necesidade, tanto nos servizos centrais como nos periféricos, así como actuacións especiais no marco das súas competencias dado que foron designados como servizos esenciais na emerxencia sanitaria actual.

Os/as inspectores/as veterinarios/as oficiais de saúde pública de comarca, cubrirán as necesidades urxentes ou de perentoria necesidade do seu ámbito, entre as cales se encontran alertas nivel I, intoxicacións alimentarias, abrochos e actuacións especiais en establecementos e servizos no marco das competencias da Consellería de Sanidade.



Os/as inspectores/as veterinarios/as de saúde pública de matadoiro cubrirán as situacións especiais derivadas das urxencias que se poidan producir, entre as cales se atopan as de benestar animal, as de desabastecemento que se poidan producir por festividades locais, no día anterior ou posterior ao día da folga, e outras de semellante natureza.

Os/as inspectores/as veterinarios/as de saúde pública de lonxa asegurarán a calidade sanitaria dos produtos que son obxecto de inspección.

Os/as inspectores/as farmacéuticos/as de saúde pública cubrirán as necesidades urxentes ou de perentoria necesidade, entre as cales se encontran alertas, casos illados de lexiónela, abrochos e actuacións especiais en establecementos e servizos no marco das súas competencias.

En canto ás alertas epidemiolóxicas, o obxectivo principal é o de detectar rapidamente aquelas ameazas e situacións que poidan ter un impacto grave na saúde da poboación e requiriran a toma de medidas de xeito rápido, coa finalidade de dar una resposta de saúde pública adaptada á situación, polo que a persoa que estea de garda nesta data cubrirá os servizos mínimos.

E polo tanto que se considera imprescindible a presenza destes/as traballadores/as como servizo esencial.

- No ámbito da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude tómase en consideración para determinar os servizos mínimos a necesidade da presenza efectiva que permita garantir o funcionamento das súas residencias xuvenís e manter as necesidades básicas das persoas residentes durante a folga.

- No ámbito da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración tómase en consideración, para determinar os servizos mínimos, a necesidade da presenza de persoal técnico en seguridade e saúde laboral que garanta o inmediato desprazamento e as actuacións necesarias para a investigación no caso de recibir comunicación dun sinistro laboral grave ou mortal e de conformidade co sistema preestablecido de gardas provinciais, por ter carácter esencial.

En canto á seguridade e saúde laboral, o mínimo imprescindible para cubrir as necesidades urxentes é contar con 1 técnico/a de prevención de riscos laborais por cada un dos centros provinciais do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia.



A dotación que prestarán os servizos mínimos correspóndelle os/as funcionarios/as que presten o servizo de garda.

- No que respecta á Consellería do Medio Rural, a Subdirección Xeral de Gandaría correspóndelle, entre outras funcións, realizar a análise e planificación da execución e seguimento dos programas de prevención, loita, control, vixilancia e erradicación das enfermidades dos animais, epizootias e zoonoses, así como das alertas sanitarias animais, e outras medidas para o establecemento de garantías sanitarias e da rastrexabilidade das producións gandeiras.

O Servizo de Sanidade Animal, adscrito á Subdirección Xeral de Gandaría, ten entre as súas funcións a execución e seguimento dos programas de prevención, loita, control, vixilancia e erradicación das enfermidades animais, epizootias e zoonoses, e a xestión das alertas sanitarias dos animais.

Ao Laboratorio de Sanidade e Producción Animal de Galicia, con nivel orgánico de servizo, correspóndelle a realización de análises e estudos de investigación en relación coa sanidade e hixiene dos animais, das producións gandeiras e dos medios de produción gandeiros; a coordinación das actuacións realizadas polos laboratorios de sanidade animal de Mabegondo (A Coruña) e Salcedo (Pontevedra), integrados nun sistema de calidade único; e o control daqueles laboratorios privados recoñecidos pola consellería e dedicados ás materias sinaladas.

Ao Centro de Recursos Zooxenéticos de Galicia, con nivel orgánico de servizo, correspóndelle a elaboración e o desenvolvemento dos programas de conservación e fomento de todas as razas autóctonas galegas en perigo de extinción. No marco destes programas de fomento, o centro conta cos rabaños fundacionais das razas bovinas en perigo de extinción, formado por preto de 300 animais, así como unidades da galiña de Mos.

No marco dos órganos periféricos, e integrados nos departamentos territoriais da Consellería do Medio Rural, o servizo de gandería de cada provincia exerce no respectivo ámbito territorial as funcións da Subdirección Xeral de Gandaría da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias. Así mesmo, correspóndelle a coordinación das actuacións dos servizos técnicos veterinarios da estrutura de área e comarcal.

O persoal das oficinas rurais, que no caso dos servizos veterinarios oficiais se agrupa en áreas veterinarias, ten como funcións a execución, no seu ámbito territorial, das actuacións da consellería en materia agraria. No marco das competencias da Consellería do Medio



Rural, a existencia actual en Galicia de enfermidades animais de declaración obrigatoria transmitidas por vectores (lingua azul, enfermidade hemorráxica epizoótica), así como o risco de aparición dalgunha outra das enfermidades dos animais que, pola súa gran difusibilidade e patoxenicidade, están incluídas na listaxe de enfermidades de declaración obrigatoria na UE, exige dispor dun sistema de alerta sanitaria veterinaria, que inclúe os protocolos de organización e actuación no caso de sospeita da aparición dalgunha destas epizootias.

A sospeita nun momento determinado da existencia de determinadas enfermidades animais, como poden ser a febre aftosa, a peste porcina clásica e africana, a peste equina africana, a influenza aviaria, a peste dos pequenos ruminantes, a peste bovina, a varíola ovina e cabrúa, a febre do Nilo Occidental, e moitas outras, así como a existencia actualmente na Comunidade de casos de lingua azul ou enfermidade hemorráxica epizoótica, exige a realización inmediata, e sen posibilidade de demora, por parte dos servizos veterinarios oficiais de determinadas actuacións que son de urxente e inaprazable aplicación: a visita da explotación ou explotación afectadas, a toma de mostras dos animais sospeitosos, a realización da correspondente enquisa epidemiolóxica para determinar a orixe e extensión da enfermidade, a restrición de movementos dos animais, o control de movementos de vehículos (co apoio das forzas de seguridade) nas zonas próximas ás explotacións afectadas ou o envío inmediato das mostras aos laboratorios de confirmación da enfermidade en cuestión.

Neste mesmo marco, e pola necesidade de dispor de xeito permanente de servizos veterinarios oficiais que aborden estas actuacións, ante determinadas situacións cuxa resolución resulte inaprazable por razóns da salvagarda da sanidade ou do benestar dos animais, ou da seguridade alimentaria nas producións gandeiras, no seu día asinouse o Acordo para a ordenación e mellora da prestación de servizos veterinarios oficiais no ámbito da Xunta de Galicia, que recolle especificamente o réxime de prestación dos servizos veterinarios do Sistema de atención continuada e de alerta veterinaria da Consellería do Medio Rural, que define a organización para a prestación efectiva dos servizos veterinarios fóra dos horarios habituais a través do «Sistema de atención continuada e de alerta veterinaria».

Aínda que este acordo se refire a todas aquelas actuacións que se desenvolven fóra da xornada habitual de traballo, reflicte a importancia de dispor dun sistema de alerta continuada, que debe funcionar mesmo durante a xornada habitual de traballo, mediante o cal se aborden de xeito inmediato todas aquelas medidas de inaprazable aplicación para detectar e controlar unha epizootia grave. Deste xeito, nel establécese:

– A existencia de quendas de localización, tanto nas tardes coma nas fins de semana e festivos, e tanto nos servizos provinciais coma nas áreas veterinarias e nos laboratorios de sanidade animal.



– A posibilidade de determinar a adaptación e prolongación horaria dos servizos veterinarios oficiais dos servizos provinciais ou comarcais ante a constatación de circunstancias imprevistas cuxa resolución resulte inaprazable por razón da salvagarda da sanidade ou do benestar dos animais, ou da seguridade alimentaria das producións gandeiras.

– A posibilidade de que a persoa directora do Lasapaga, ante situacións de especial gravidade para a sanidade animal que requiran unha actuación urxente do persoal do laboratorio co obxecto de ditaminar no menor espazo de tempo posible sobre unha mostra recibida, poida ordenar que o persoal funcionario destinado na área que deba realizar o ditame adapte o seu horario á necesidade sobrevida. Por outra banda, no Centro de Recursos Zoonéticos de Galicia resulta necesario establecer unha dotación mínima de persoal que asegure o manexo, o coidado e a alimentación dos animais.

Os servizos mínimos que se establecerán neste contexto responden, por un lado, á necesidade imperiosa de manter activo o Sistema de alerta sanitaria veterinaria, e, por outro, a atender de xeito inescusable os animais existentes no Centro de Recursos Zoonéticos de Galicia, e son determinados no menor grao posible nos seguintes termos:

– Unha única persoa veterinaria no Servizo de Sanidade dos servizos centrais para realizar todos os labores de coordinación no caso de aparición dunha grave epizootia, ou para realizar xestións respecto ás existentes tanto cos servizos provinciais de Gandararía coma co Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

– Unha única persoa en cada un dos servizos provinciais de Gandararía para, de ser o caso, realizar a oportuna coordinación no ámbito provincial, tanto cos servizos veterinarios comarcais coma cos servizos centrais.

– Unha única persoa veterinaria por cada unha das áreas veterinarias de Galicia para, en caso necesario, realizar as oportunas actuacións na explotación ou explotacións afectadas nelas.

– Unha única persoa veterinaria no Laboratorio de Sanidade e Producción Animal de Galicia (Lugo) para cubrir a necesidade de recibir as mostras que puideren existir nunha alerta sanitaria. Resulta evidente que é moi posible que unha única persoa non



poida realizar de xeito efectivo as análises, pero si podería recibir estas mostras no laboratorio e, en caso de urxente necesidade, derivalas aos laboratorios nacionais de referencia.

Non se estableceron servizos mínimos nos restantes laboratorios (Mabegondo-A Coruña e Salcedo-Pontevedra).

– Dúas persoas, coa categoría de oficial/a de 2ª agrario, para asegurar os coidados, manexo e alimentación dos animais do Centro de Recursos Zootécnicos de Galicia.

O número total de persoas veterinarias nomeadas en servizos mínimos en toda a comunidade é de 21, e o número de persoas oficial/a de 2ª agrario é de 2. En ningunha das unidades sinaladas se establecen servizos mínimos para persoal administrativo nin auxiliar de laboratorio, nin de ningún outro tipo.

No ámbito do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais, da Dirección Xeral de Defensa do Monte, debido á época de alto risco de incendios na que nos atopamos, os servizos mínimos estarán formados polo 100 % do persoal do operativo que se atopa de servizo no cuadrante.

Este dispositivo comprende os servizos prestados nos centros de coordinación central e nos catro centros de coordinación provincial de cada unha das catro provincias, así como os servizos prestados en cada un dos dezanove distritos forestais.

– A UTE Helicópteros de Galicia, UTE Airworks-Rebofosa 2023, e a empresa Planificación y Soluciones Aéreas, S.L.U., deberán garantir que as aeronaves que afectan o Servizo de Prevención de Incendios Forestais prestarán o servizo contratado axustado aos servizos mínimos fixados pola Xunta de Galicia neste ámbito durante a xornada de folga.

Nos centros de formación e experimentación agroforestais dependentes da Axencia Gallega de Calidade Alimentaria é necesario nomear polo menos un responsable da apertura do centro para garantir o dereito de asistencia das persoas usuarias.

Os centros que teñen o servizo de internado (Sergude e Lourizán) deberán dispoñer polo menos dun/unha cociñeiro/a e, se for o caso, persoal de limpeza.

Ademais, naqueles centros que teñen gando ao seu coidado (Sergude e Pedro Murias) deberá designarse o persoal necesario e imprescindible para o seu coidado e atención.



Nos centros de investigación e estacións experimentais dependentes que, polo seu carácter e actividade propias, teñen actividades de investigación agraria en curso e gando ao seu coidado, deberá designarse o persoal necesario e imprescindible para o mantemento dos cultivos e gando.

No ámbito de Xenética Fontao, fíxanse o número de efectivos mínimos para asegurar as operacións do laboratorio en curso e evitar a perda de mostras biolóxicas dos laboratorios de molecular, F.IV e calidade de doses seminalesbovinas. Así mesmo fíxase o número mínimo de efectivos para garantir o coidado de 250 sementais existentes.

• Finalmente, en relación á Consellería do Mar, os servizos mínimos establecidos por esta consellería fundaméntanse nos seguintes motivos:

#### A. Centros de ensino.

Nos centros educativos con alumnado en réxime de internado é preciso un mínimo de persoal que manteña a atención que se debe prestar aos/ás residentes.

Os dous centros de ensino dependentes desta consellería nos que se propón fixar servizos mínimos, o IPMP de Vigo e a EONP de Ferrol, teñen durante os díaslectivos da semana servizo de residencia e comedor, pero os sábados, domingos e festivos permanecen pechados. Existe un servizo de vixilancia exclusivamente de dúas horas os domingos e os festivos que son vésperas de días lectivos, que teñen como misión abrir o centro e permanecer nel para recibir aos/ás residentes mentres non empeza a quenda do/a educador/a.

Os/as educadores/as desenvolven o seu traballo a quendas, de luns a venres en horario de mañá, tarde e noite. En ausencia dun servizo de vixilancia faise necesario garantir que alo menos un/ha educador/a estea presente de maneira permanente para control e servizo do alumnado residente.

#### B. Servizo de Gardacostas de Galicia.

A vixilancia pesqueira non só é necesaria para manter o control do sector, coa finalidade de ofrecer unha efectiva protección dos recursos mariños, senón que tamén colabora en tarefas e actuacións de salvamento e rescate marítimo cando as necesidades así o esixen. Así, os servizos mínimos deben cubrir de xeito efectivo a área de busca e salvamento marítimo e loita contra a contaminación do mar en Galicia, dada a imposibilidade de que tal



servizo quede desatendido, pola transcendencia que esta actividade ten no salvamento de vidas e na protección e prevención de contaminacións mariñas.

O Servizo de Gardacostas de Galicia está operativo as 24 horas do día, os 365 días do ano, sen que se diferencien os servizos establecidos para festivos, sábados e domingos dos programados para o resto do días laborables. As emerxencias, de producirse no día fixado para a folga, poden ser atendidas garantindo unha tripulación (composta por un patrón/oa, un mecánico/a e un vixilante mariñeiro/a) por provincia, nas bases operativas da Coruña, Celeiro e Pontevedra.

### C. Ente Público Portos de Galicia.

Os portos, que comezaron como puntos de descarga de mercancías e pesca, evolucionaron ata converterse nuns complexos industriais e mercantís onde se desenvolven numerosas actividades produtivas e administrativas e que así mesmo realizan unha función de desenvolvemento rexional, permitindo a localización e promoción doutras industrias, e social, en beneficio da comunidade concentrada na súa zona de influencia.

En Galicia, o funcionamento e a evolución do sistema portuario teñen unha especial importancia, xa que as actividades relacionadas co mar representan un factor fundamental na súa estrutura socioeconómica, e non en van máis do 60 por cento da poboación total das provincias de A Coruña, Lugo e Pontevedra reside en concellos que contan con instalacións portuarias, e unha gran parte desa poboación desenvolve actividades directa ou indirectamente relacionadas co sector marítimo.

Os portos autonómicos teñen unha forte actividade comercial, pesqueira e náutico recreativa, tales como os de Ribadeo, Burela, Celeiro, Cariño, Laxe, Brens-Cee, A Pobra do Caramiñal e Ribeira que teñen unha forte actividade comercial, están suxeitos ao código internacional de protección de instalacións portuarias e buques fronte a actos terroristas e de atentado a instalacións críticas, código PBIP, e tamén portos pesqueiros de primeira orde e instalacións náuticas ao longo de toda a franxa costeira galega, que atinxe a máis de 65 concellos; todo o anterior implica o control do tránsito de buques, embarcacións e pasaxeiros exteriores. Todas elas son actividades portuarias con relevante impacto na área de influencia das comarcas da zona de influencia destes portos e que exixen que o responsable, xefe/a de zona, se relacione con diversos departamentos da Xunta e doutras administracións, concellos, capitánías marítimas dependentes da Dirección Xeral de Mariña Mercante ou cos diferentes concesionarios e empresariado en relación aos servizos portuarios; ademais considerando o elevado número de portos de cada Zona territorial de



portos e a súa dispersión en centos de quilómetros resulta preciso que os/as xefes/as de Zona sexan asistidos por un mínimo de persoal garda peiraos que garanta a posibilidade de desprazarse aos portos de xeito presencial a efectos de control e policía administrativa da actividade destes.

Polo tanto, considérase esencial que se manteña dende a xefatura comínimo apoio dun máximo de 2 gardapeiraos na Zona Centro, Sur e Norte, a capacidade de relación e decisión e inspección *in situ* dos portos ante calquera incidencia que afecte os portos xestionados por Portos de Galicia.

Portos de Galicia non ten servizos ordinarios (nin de oficinas nin nos portos) os sábados e domingos; aínda que para casos de incidencias nos portos en días de festivo, sábado ou domingo si se acostuma a actuar desde os cargos de goberno do Organismo, a través de instrucións aos tres xefes de Zona Territorial de Portos, que á súa vez dispoñen a actuación dos gardapeiraos adscritos a cada Zona de Portos.

Na súa virtude, de acordo coa normativa citada e cos argumentos expostos, vistas as propostas das consellerías e en virtude das facultades que me confire o Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, oído o Comité de Folga,

#### DISPOÑO:

##### Artigo único

1) Terán a consideración de servizos mínimos os que se relacionan a seguir:

1.1. Presidencia da Xunta de Galicia.

1.1.1. Axencia de Turismo de Galicia:

1 empregado/a de conserxaría e 2 empregados/as do servizo de restauración (técnicos/as de cociña) por quenda de traballo, na residencia do Centro Superior de Hostalaría de Galicia (CSHG).

O equipo directivo do CSHG estará presente ese día para responder ante calquera incidencia que poida acontecer.

1.1 2. Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, S.A.



**I. Informativos:****I.I. Arquivo e documentación:**

2 Documentalistas de mañá e 1 de tarde

**I.II. Redacción da Radio Galega (redactores/as, locutores/as e auxiliares de redacción)**

2 Informadores/as de noite, 3 de mañá e 2 de tarde

**I.III. Redacción de Televisión de Galicia (redactores/as, locutores/as e auxiliares de redacción)**

11 Informadores/as de mañá e 6 de tarde

**I.IV. Reporteiros/as gráficos/as:**

6 Efectivos de mañá e 1 de tarde

**I.V. Narrativas dixitais:**

1 Informador/a de mañá e 1 de tarde

**I.VI. Centros de traballo multimedia:****I.VI.I. Redacción Coruña**

2 Informadores/as de mañá e 1 de tarde

1 Reporteiro/a gráfico de mañá e 1 de tarde

**I.VI.II. Redacción Ourense**

2 Informadores/as de mañá e 1 de tarde

1 Reporteiro/a gráfico de mañá e 1 de tarde



**I.VI.III. Redacción Vigo**

2 Informadores/as de mañá e 1 de tarde

1 Reporteiro/a gráfico de mañá e 1 de tarde

**I.VI.IV. Redacción Lugo**

2 Informadores/as de mañá e 1 de tarde

1 Reporteiro/a gráfico de mañá e 1 de tarde

**I.VI.V. Redacción Madrid**

1 Informador/a de mañá

**I.VII. Medios de produción:****I.VII.I. Cámaras:**

1 Cámara de mañá e 1 de tarde

1 Control de cámara de mañá e 1 de tarde

**I.VII.II. Grafismo e deseño gráfico:**

1 Deseñador/a gráfico/a de mañá e 1 de tarde

2 Grafistas-tituladores/as de mañá e 1 de tarde

**I.VII.III. Iluminación:**

2 Efectivos de mañá e 2 de tarde

**I.VII.IV. Maquillaxe:**

1 Efectivo de mañá e 1 de tarde

**I.VII.V. Produción:**

3 Efectivos de mañá e 1 de tarde



**I.VII.VI. Realización:**

3 Realizadores/as de mañá e 1 de tarde

7 Axudantes/as de realización de mañá e 5 de tarde

**I.VII.VII. Son:**

2 Efectivos de mañá e 2 de tarde

**I.VII.VIII. Operadores/as de vídeo:**

1 Efectivo de posproducción de mañá e 1 de tarde

2 Efectivos de inxesta PAM de mañá e 2 de tarde

2 Efectivos de inxesta MAM de mañá e 1 de tarde

2 Efectivos de media de mañá e 2 de tarde

1 Efectivo de mañá no centro de traballo de Coruña

1 Efectivo de mañá no centro de traballo de Lugo

1 Efectivo de mañá no centro de traballo de Vigo

1 Efectivo de mañá no centro de traballo de Ourense

**II. Soporte e mantemento das emisións:****II.I. Soporte e mantemento das emisións:****II.I.I. Continuidade:**

1 Efectivo de noite, 3 de mañá e 3 de tarde

**II.I.II. Emisións:**

3 Efectivos de mañá



**II.II. Grupo soporte:**

1 Efectivo de noite, 2 de mañá e 1 de tarde

**II.III. Medios RG:**

1 Efectivo de noite, 4 de mañá e 3 de tarde

**II.IV. Operacións, emisións e mantemento técnico:**

3 Efectivos de mañá e 3 de tarde

**II.V. Instalacións:**

1 Efectivo de mañá, 1 de tarde e 1 de noite

**I.VI. Mantemento:**

1 Efectivo de mañá

**II.VII. Almacén de cámaras:**

1 Efectivo de mañá e 1 de tarde

**II.VIII. Servizo de sistemas:**

1 Efectivo de mañá e 1 de tarde

**1.2. Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.****1.2.1. Servizos centrais:****1.2.1.1. Secretaría Xeral Técnica:**

– Xefe do Servizo de xestión de infraestruturas administrativas.

– Delineante do Servizo de xestión de infraestruturas administrativas.

– 1 funcionario/a da oficina do Servizo de Rexistro e Atención á Cidadanía en cada quenda (un/ha á mañá e outro/a á tarde)



Servizo de Atención e Información á Cidadanía na Xunta de Galicia (teléfono 012)

– 1 operador/a en cada quenda para o servizo de atención telefónica de información ás mulleres (900400273), excepto na quenda de noite no que haberá dúas persoas localizadas para esta liña e para a atención telefónica á infancia.

– 1 operador/a en cada quenda para o servizo de atención telefónica á infancia, excepto na quenda de noite no que haberá dúas persoas localizadas para esta liña e para a atención telefónica de información ás mulleres.

– 1 operador/a en cada quenda para o teléfono 065

– 1 operador/a en cada quenda para a liña social

– 1 operador/a en cada quenda para o teléfono Arco da Vella

1.2.1.2. Secretaría Xeral para o Deporte.

– Centro Galego de Tecnificación Deportiva (Pontevedra).

1 subalterno na quenda de noite, que inicia a súa xornada o día 14 de outubro ás 22.00 horas e remata ás 5.30 horas do día 15 de outubro.

1 subalterno na quenda de mañá, que inicia a súa xornada o día 15 de outubro ás 07.30 horas e remata ás 15.00 horas.

1 subalterno na quenda de tarde, que inicia a súa xornada o día 15 de outubro ás 14.30 horas e remata ás 22.00 horas.

1 preceptor/a na quenda de noite, que inicia a súa xornada o día 14 de outubro ás 22.00 horas e remata ás 5.30 horas do día 15 de outubro.

1 preceptor/a na quenda de mañá, que inicia a súa xornada o día o día 15 de outubro ás 07.30 horas e remata ás 15.00 horas.

1 preceptor/a na quenda de tarde, que inicia a súa xornada o día 15 de outubro ás 14.30 horas e remata ás 22.00 horas.



1 oficial/a de cociña na quenda de mañá, que inicia a súa xornada o día 15 de outubro ás 07.30 horas e remata ás 15.00 horas.

1 oficial/a de cociña na quenda de tarde, que inicia a súa xornada o día 15 de outubro ás 14.30 horas e remata ás 22.00 horas.

2 camareiro/a Limpador/a na quenda de mañá, que inicia a súa xornada o día 15 de outubro ás 07.30 horas e remata ás 15.00 horas.

2 camareiros/as Limpadores/as na quenda de tarde, que inicia a súa xornada o día 15 de outubro ás 14.30 horas e remata ás 22.00 horas.

#### 1.2.1.3. Dirección Xeral de Xustiza:

##### 1. Tribunal Superior de Xustiza.

###### 1.1. Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza.

– 1 xestor/a ou 1 tramitador/a que preste servizos en cada unha das respectivas seccións, e 1 auxilio xudicial para todas as seccións.

###### 1.2. Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza.

– 1 xestor/a ou 1 tramitador/a que preste servizos en cada unha das respectivas seccións, e 1 auxilio xudicial para todas as seccións.

###### 1.3. Sala do Civil e Penal do Tribunal Superior de Xustiza.

– 1 xestor/a ou 1 tramitador/a, e 1 auxilio xudicial.

###### 1.4. Oficina de Rexistro e Repartición do Tribunal Superior de Xustiza.

– 1 xestor/a ou 1 tramitador/a, e 1 auxilio xudicial.

###### 1.5. Secretaría de Goberno.

– 1 xestor/a ou 1 tramitador/a.



## 2. Audiencias provinciais.

### 2.1. Seccións civís das audiencias provinciais.

– 1 xestor/a ou 1 tramitador/a por cada unha das respectivas seccións, e 1 funcionario/a de auxilio por cada 2 seccións ou fracción.

### 2.2. Seccións penais e mixtas das audiencias provinciais.

– 1 xestor/a, 1 tramitador/a e 1 auxilio por cada unha das respectivas seccións.

### 2.3. Oficinas de rexistro e repartición das audiencias provinciais.

– 1 xestor/a ou 1 tramitador/a, e 1 auxilio xudicial.

## 3. Xulgados.

### 3.1. Xulgados que actúen de garda.

Terán que contar con toda a dotación do persoal que efectúa o servizo de garda habitualmente.

### 3.2. Rexistros civís exclusivos.

– 2 xestores/as ou 2 tramitadores/as para a sección de defuncións, e 2 xestores/as ou 2 tramitadores/as para o resto das funcións do rexistro.

### 3.3. Xulgados de primeira instancia.

– 1 xestor/a ou 1 tramitador/a por cada xulgado, e 1 auxilio para cada 2 xulgados ou fracción.

– Nos xulgados de primeira instancia con competencias en materia de familia, 1 xestor/a, 1 tramitador/a e 1 auxilio.

– Nos xulgados de primeira instancia con competencias en materia de rexistro civil, 1 xestor/a e 1 tramitador/a.



#### 3.4. Xulgados do mercantil (exclusivos).

– 1 xestor/a ou 1 tramitador/a para cada xulgado, e 1 auxilio para cada 2 xulgados ou fracción.

#### 3.5. Xulgados de instrución.

– Os xulgados de garda terán que contar con toda a dotación do persoal que efectúa o servizo de garda habitualmente.

– No resto de xulgados: 1 xestor/a ou 1 tramitador/a para cada xulgado, e 1 auxilio para cada 2 xulgados ou fracción.

– Nos xulgados con competencias en materia de violencia sobre a muller a dotación será: 1 xestor/a, 1 tramitador/a e 1 auxilio.

#### 3.6. Xulgados do penal.

– 1 xestor/a e 1 tramitador/a para cada xulgado, e 1 auxilio para cada 2 xulgados ou fracción.

#### 3.7. Xulgado de menores.

– 1 xestor/a ou 1 tramitador/a, e 1 auxilio xudicial.

#### 3.8. Xulgados do contencioso-administrativo.

– 1 xestor/a ou 1 tramitador/a en cada xulgado, e 1 auxilio para cada 2 xulgados ou fracción.

#### 3.9. Xulgados do social.

– 1 xestor/a ou 1 tramitador/a en cada xulgado, e 1 auxilio para cada 2 xulgados ou fracción.

#### 3.10. Xulgado de vixilancia penitenciaria.

– 1 xestor/a, 1 tramitador/a e 1 auxilio.



3.11. Xulgados exclusivos de violencia sobre a muller.

– 1 xestor/a, 1 tramitador/a e 1 auxilio.

3.12. Servizos comúns de Tramitación dos Tribunais de Instancia de cada localidade.

Terán que contar con toda a dotación do persoal que efectúa o servizo de garda habitualmente.

Ademais do persoal que preste o servizo de garda:

– En localidades con 2 prazas xudiciais: 1 xestor/a e 1 tramitador/a.

– En localidades con 3 prazas xudiciais: 2 xestores/as, 2 tramitadores/as e 1 auxilio xudicial.

– En localidades con 4 prazas xudiciais: 3 xestores/as, 3 tramitadores/as e 1 auxilio xudicial.

4. Servizos.

4.1. Oficinas de rexistro e repartición dos decanatos.

– A Coruña e Vigo: 3 de xestión ou de tramitación, e 1 auxilio.

– Santiago, Ourense e Pontevedra: 2 de xestión ou de tramitación, e 1 auxilio.

– Ferrol e Lugo: 1 de xestión ou 1 de tramitación, e 1 auxilio.

4.2. Servizos comúns de atención á cidadanía e á vítima.

– 1 de xestión ou 1 de tramitación

4.3. Servizos comúns de notificación e embargo.

– 1 de xestión, 1 de tramitación e 1 auxilio.

5. Fiscalías.

Ademais do persoal que lle corresponda ao servizo de garda:

– Fiscalía da Comunidade Autónoma: 1 xestor/a ou tramitador/a, e 1 auxilio.



– Fiscalías provinciais: 1 xestor/a ou 1 tramitador/a, e 1 auxilio; e a maiores, 1 xestor/a ou 1 tramitador/a para a Fiscalía de Menores.

– Fiscalías de área: 1 xestor/a ou 1 tramitador/a, e 1 auxilio.

– Seccións territoriais da Fiscalía: 1 funcionario/a.

#### 6. Instituto de Medicina Legal de Galicia

– En cada subdirección do Imelga: o equipo do persoal que presta o servizo de garda e 1 tramitador/a.

#### 7. Oficinas Xerais do Rexistro Civil:

– 1 xestor/a ou 1 tramitador/a.

#### 8. Xulgados de paz e Oficinas de Xustiza dos Municipios

– 1 xestor/a ou 1 tramitador/a.

##### 1.2.1.4. Dirección Xeral de Emerxencias e Interior:

2 técnicos/as do Sistema integrado de protección civil e emerxencias con tarefas de garda do sistema

##### 1.2.1.5. Axega.

A persoa titular da Xerencia da Axega

A persoa titular da Área do CAE 112 Galicia

1 persoa con funcións administrativas.

##### 1.2.1.5.1. Centro de Atención de Emerxencias 112:

– Xefatura de explotación operativa.

Quenda de mañá: 1 persoa.

Quenda de tarde: 1 persoa.



Quenda de noite: 1 persoa localizada.

– Comunicación, prensa e imaxe.

1 persoa localizada en cada quenda de traballo.

– Sección de Coordinación:

1 coordinador/a en cada quenda de traballo.

–Sección de Enlace:

1 operador/a de enlace en cada quenda de traballo.

– Sección de Operación:

Quenda de mañá: 6 operadores/as de atención telefónica.

Quenda de tarde: 7 operadores/as de atención telefónica.

Quenda de noite 22.00 h. - 8.00 h.: 5 operadores/as de atención telefónica.

Quenda de noite (N1) 22.00 h. - 2.00 h.: 2 operadores/as de atención telefónica.

– Persoal de soporte técnico (informática CIAE 112).

1 informático/a localizado/a en cada quenda de traballo.

1.2.1.6. Dirección Xeral de Mobilidade.

Servizos mínimos en materia de transporte público regular de persoas viaxeiras de uso xeral por estrada:

1. Servizos públicos de transporte regular de uso xeral: os servizos que se relacionan no anexo I desta orde.

2. Servizos de transporte público regular de uso especial-escolares: os servizos de entrada aos centros desde as 7.30 ata ás 10.30 horas, e os de saída desde as 13.30 ata ás 19.00 horas, nos itinerarios de transporte escolar de estudantes de niveis de ensino obrigatorio cuxa lonxitude total sexa superior a 4 quilómetros.



Para os servizos de transporte de alumnado de centros de educación especial considéranse esenciais todos os itinerarios existentes nos horarios habituais.

3. Servizos regulares de uso especial para transporte de persoas traballadoras: todos os servizos nas expedicións anteriores ás 9.00 horas e posteriores ás 18.00 horas.

4. Servizos de transporte público regular de uso especial de usuarios de centros socioasistenciais para a atención diúrna de persoas maiores en situación de dependencia ou grave risco de padecela e centros de atención a persoas con discapacidade: os servizos de entrada aos centros dende as 8.00 horas ata as 11.30 horas, e os de saída, dende as 16.30 ás 20.00 horas, así como os traslados do Centro Ocupacional O Sair de Caldas de Reis, en horario de 6.00 horas a 8.45 horas, e das 16.00 ás 18.00 horas.

5. Transporte de mercadorías: manterase a totalidade dos transportes de toda clase de mercadorías para e desde os establecementos sanitarios.

6. Transporte funerario: manterase a totalidade dos servizos de transporte funerario.

As empresas de transporte darán a máxima difusión dos servizos concretos que resulten afectados por esta orde ás persoas usuarias a través daqueles medios que permitan o seu coñecemento e, en todo caso, nos propios vehículos, con antelación ao inicio e durante a folga.

1.2.2. Servizos periféricos:

1.2.2.1. Departamento Territorial da Coruña:

2 funcionarios/as do Oficina de Rexistro e Atención á Cidadanía do edificio administrativo da Coruña na quenda de mañá.

1 funcionario/a do Oficina de Rexistro e Atención á Cidadanía do edificio administrativo da Coruña na quenda de tarde.

1 subalterno/a na quenda de mañá.

2 condutores/as na quenda de mañá

1 funcionario/a do Servizo de Obras para o mantemento do edificio administrativo da Coruña na quenda de mañá.



– Oficina comarcal de Ordes

1 funcionario/a na quenda de mañá

– Edificios xudiciais da Coruña:

1 persoa de limpeza na quenda de mañá.

1 persoa de limpeza na quenda de tarde.

1 subalterno/a na quenda de mañá.

– Tribunal Superior de Xustiza de Galicia:

1 persoa de limpeza na quenda de mañá.

1 subalterno na quenda de mañá

– Edificio administrativo de Ferrol:

1 funcionario/a da oficina de Rexistro e información do edificio administrativo na quenda de mañá.

1 funcionario/a da oficina de Rexistro e información do edificio administrativo na quenda de tarde.

1 subalterno/a na quenda de mañá.

1.2.2.2. Departamento Territorial de Lugo:

1 funcionario/a da oficina de Rexistro e Atención á cidadanía en cada quenda.

1.2.2.3. Departamento Territorial de Ourense:

1 funcionario/a da oficina de Rexistro e Atención á cidadanía en cada quenda.

1.2.2.4. Departamento Territorial de Pontevedra-Vigo:

1 funcionario/a da oficina de Rexistro e Atención á cidadanía en cada quenda.



1 funcionario/a da Oficina Comarcal de Lalín

1 funcionario/a do servizo de mantemento do edificio administrativo de Pontevedra

1.3. Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

1.3.1. Servizos mínimos en materia de xestión de residuos:

a) Complexo Medioambiental de Cerceda (CMC):

1 operario/a por quenda para control de accesos.

1 operario/a por quenda para pesaxe.

1 operario/a por quenda para limpeza de vestiarios e local de descanso.

1 operario/a por quenda para depuradoras CMC.

– Planta termoeléctrica e coxeración:

1 xefe/a de quenda por quenda.

2 operadores/as por quenda.

1 roldista por quenda.

1 auxiliar de roldista por quenda.

1 camioneiro/a de escouras por quenda.

1 ensacador/a por quenda en ensacado de cinzas.

1 camioneiro/a de cinzas por quenda en ensacado de cinzas.

1 enganchador/a por quenda en ensacado de cinzas.

– Planta de clasificación de materiais PCM e PRTEM:

1 xefe/a de quenda por quenda.



1 axente de circulación por quenda.

1 camioneiro/a por quenda.

3 operadores/as de guindastre por quenda (descarga de tren, alimentación de residuos e alimentación de finos a secadoiro).

4 triadores/as por quenda (control de calidade e triaxe).

1 operador/a por quenda.

1 operador/a de pa por quenda.

2 roldistas por quenda.

1 oficial/a de secadoiro por quenda.

1 oficial/a de trituradora por quenda.

1 oficial/a de prensa por quenda.

1 oficial/a de carretilla por quenda.

b) Vertedoiro de Areosa:

1 xefe/a de quenda por quenda.

1 operador/a de pa por quenda.

1 operario/a de control de accesos por quenda.

1 operario/a de depuradoras por quenda.

c) Plantas de transferencia:

A Rúa: 1 operario/a.

Barreiros: 1 operario/a.

Becerreá: 1 operario/a.



Boiro: 1 operario/a.

Cee: 1 operario/a.

Chantada: 1 operario/a.

Lugo: 1 condutor/a de camión por quenda.

Monforte de Lemos: 1 operario.

Narón: Quenda de día: 1 condutor/a de camión + 1 operario/a de compactaOleición.  
Quenda de noite: 1 condutor/a de camión.

O Rosal: 1 operario/a.

Ortigueira: 1 operario/a.

Ourense: 1 condutor/a de camión por quenda.

O Porriño: 1 operario/a de compactación por quenda.

Ribadumia: 1 operario/a de compactación por quenda + 1 condutor/a de camión por quenda.

Santa Comba: 1 operario/a.

Santiago de Compostela: 1 condutor/a de camión por quenda.

Sarria: 1 operario/a.

Silleda: 1 operario/a.

Vigo: 1 operario/a de compactación por quenda + 1 condutor/a de camión por quenda.

Viveiro: 1 operario/a.

d) Transporte de residuos:

A Coruña: 28 condutores/as.

Lugo: 2 condutores/as.



Ourense: 5 condutores/as.

Pontevedra: 7 condutores/as.

1.3.2. Servizos mínimos no ámbito da predición meteorolóxica:

1. Subdirección Xeral de Cambio Climático e Ordenación do Litoral:

Quenda de mañá: 1 posto base grupo A.

Quenda de tarde: 1 posto base grupo A.

1.3.3. Servizos mínimos no ámbito da conservación do patrimonio natural:

a) A Coruña:

1. Distrito ambiental I-Ferrol: Quenda de mañá: 1 axente facultativo/a ambiental. Quenda de tarde: 1 axente facultativo/a ambiental.

2. Distrito ambiental II-Bergantiños/As Mariñas Coruñesas: Quenda de mañá: 1 axente facultativo/a ambiental. Quenda de tarde: 1 axente facultativo/a ambiental.

3. Distrito ambiental III-Santiago/Meseta interior: Quenda de mañá: 1 axente facultativo/a ambiental. Quenda de tarde: 1 axente facultativo/a ambiental.

4. Distrito ambiental IV-Noia: Quenda de mañá: 1 axente facultativo/a ambiental. Quenda de tarde: 1 axente facultativo/a ambiental.

5. Distrito ambiental V-Fisterra: Quenda de mañá: 1 axente facultativo/a ambiental.

Quenda de tarde: 1 axente facultativo/a ambiental.

6. Parque Natural As Fragas do Eume: Quenda de mañá: 1 vixilante de recursos naturais.

Quenda de tarde: 1 vixilante de recursos naturais.

7. Parque Natural Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán: Quenda de mañá: 1 vixilante de recursos naturais. Quenda de tarde: 1 vixilante de recursos naturais.



8. Centro de Recuperación de Fauna de Oleiros: Quenda de mañá: 1 capataz. Quenda de tarde: 1 vixilante de recursos naturais.

b) Lugo:

1. Distrito ambiental VI-A Mariña Lucense: Quenda de mañá: 1 axente facultativo/a ambiental.

Quenda de tarde: 1 axente facultativo/a ambiental.

2. Distrito ambiental VII-A Fonsagrada/Os Ancares: Quenda de mañá: 1 axente facultativo/a ambiental. Quenda de tarde: 1 axente facultativo/a ambiental.

3. Distrito ambiental VIII-Terra de Lemos: Quenda de mañá: 1 axente facultativo/a ambiental.

Quenda de tarde: 1 axente facultativo/a ambiental.

4. Distrito ambiental IX-Lugo-Sarria: Quenda de mañá: 1 axente facultativo/a ambiental.

Quenda de tarde: 1 axente facultativo/a ambiental.

5. Distrito ambiental X-A Terra Chá: Quenda de mañá: 1 axente facultativo/a ambiental.

Quenda de tarde: 1 axente facultativo/a ambiental.

6. Complexo Ambiental O Veral: 1 capataz. 1 peón/oa.

c) Ourense:

1. Distrito ambiental XI-Ribeiro/Arenteiro: 1 axente facultativo/a ambiental por quenda.

2. Distrito ambiental XII-Miño/Arnoia: 1 axente facultativo/a ambiental por quenda.

3. Distrito ambiental XIII-Valdeorras/Trives: 1 axente facultativo/a ambiental por quenda.

4. Distrito ambiental XIV-Verín/Viana: 1 axente facultativo/a ambiental por quenda.

5. Distrito ambiental XV-A Limia: 1 axente facultativo/a ambiental por quenda.



6. Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés: 1 axente facultativo/a ambiental por quenda.

7. Parque Natural Serra da Enciña da Lastra: 1 axente facultativo/a ambiental por quenda.

8. Parque Natural do Invernadeiro: 1 axente facultativo/a ambiental por quenda.

9. Piscifactoría do Carballiño: 1 traballador/a de mañá.

10. Centro de Recuperación de Fauna do Rodicio: 1 traballador/a de mañá.

d) Pontevedra:

1. Distrito ambiental XVI-Deza/Tabeirós: Quenda de mañá: 1 axente facultativo/a ambiental.

Quenda de tarde: 1 axente facultativo/a ambiental

2. Distrito ambiental XVII-O Condado/A Paradanta: Quenda de mañá: 1 axente facultativo/a ambiental. Quenda de tarde: 1 axente facultativo/a ambiental.

3. Distrito ambiental XVIII-Vigo/Baixo Miño: Quenda de mañá: 1 axente facultativo/a ambiental. Quenda de tarde: 1 axente facultativo/a ambiental.

4. Distrito ambiental XIX-Caldas/O Salnés: Quenda de mañá: 1 axente facultativo/a ambiental.

Quenda de tarde: 1 axente facultativo/a ambiental.

5. Parque Natural Monte Aloia-LIC Gándaras de Budiño: 1 axente ou vixilante.

6. Centro Piscifactoría Carballedo: Quenda de mañá: 1 capataz e 1 peón/oa. Complexo Ambiental Coutorredondo: 1 capataz e 1 peón/oa.

e) Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia: • Illas Cíes: 1 axente. • Illas Ons:

1 axente. • Illa de Sálvora: 1 axente. • Illa de Cortegada: 1 axente • 2 traballadores/as de tripulación.



#### 1.4. Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

##### 1.4.1. Servizos centrais da Consellería:

1 funcionario/a da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

##### 1.4.2. Servizos periféricos da Consellería:

1 funcionario/a da unidade de persoal da departamento territorial correspondente.

##### 1.4.3. Centros docentes non universitarios de titularidade pública:

– A dirección ou membro do equipo da dirección e un subalterno o subalterna en cada centro escolar. Nos centros de menos de 6 unidades o/a director/a poderá ser substituído/a por un membro do equipo docente. En todo caso, quedará garantida a apertura e peche de todos os centros.

– Unha persoa de cociña nos centros ordinarios con comedor escolar de xestión directa. Un encargado do cátering en cada un dos comedores de xestión indirecta.

– 1 auxiliar coidador/a en cada centro educativo que non sexa centro de educación especial e que neste curso teña asignado persoal desa categoría.

– O 20 % do persoal de comedores, limpeza e subalternos nos centros residenciais docentes.

– O 20 % do persoal de comedores, ATS, limpeza, coidadores e persoal médico dos centros de educación especial.

A designación nominal do persoal que deberá cubrir os distintos servizos relacionados neste punto será realizada pola dirección do centro respectivo e publicárase no taboleiro de anuncios do centro.

##### 1.4.4 Centros de ensino privados e concertados:

Manteranse os servizos mínimos establecidos para os centros docentes públicos de ensino dependentes desta consellería.



**1. 4.5. Universidades galegas:**

Universidade de Santiago de Compostela

Campus de Santiago e de Lugo

Residencias e Colexios Maiores

– 1 persoa de conserxería por edificio e quenda de traballo

Centros Docentes da USC

– 1 persoa de conserxería por quenda de traballo

